

**PROXECTO CURRICULAR
DE
RELIXIÓN CATÓLICA**

**IES. “ A XUNQUEIRA I ”
PONTEVEDRA**

Elena M^a Ferro Dios

CURSO 2011/2012

INDICE

Páx 7....1 -INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A-DO CENTRO

**B-DA MATERIA A IMPARTIR POR ESTE
DEPARTAMENTO**

Páx16.....-EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

**1.1-OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN
SECUNDARIA OBRIGATORIA.**

**1.2-SELECCIÓN E SECUENCIA DE OBXECTIVOS
E CONTIDO.**

**Páx 17.....1.3-PERSPECTIVA METODOLÓXICA DA
RELIXIÓN CATÓLICA NA EDUCACIÓN
SECUNDARIA OBRIGATORIA:**

A)-VALOR FORMATIVO DA MATERIA.

**Páx 20.....B)-DECISIONS SOBRE A METODOLOXÍA
EDUCATIVA.**

Páx 21.....1.4-OS PRINCIPIOS DIDÁCTICOS.

**Páx 24.....1.5-RELACIÓN COS CONTIDOS COMÚNS /
TRANSVERSÁIS.**

Páx 25.....1.6-RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

**Páx 28.....1.7-A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN
SECUNDARIA OBRIGATORIA:**

**A)-OBXECTIVOS DO PROCESO DE
AVALIACIÓN..**

Páx 29.....B)-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

**Páx 30.....C)-AVALIACIÓN DO PROCESO DE
APRENDIZAXE.**

Páx 31.....D)-AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO.

1.8-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Páx 32....1.9-RECURSOS MATERIAIS.

Páx 33....2-PROXECTO CURRICULAR 1º ESO:

Páx 34....1-OBXECTIVOS:

-Relación Obxectivos da Etapa – Obxectivos da Materia

Páx 37....-Concreción e relación entre Obxectivos da materia e os
-Obxectivos do Proxecto Curricular para 1º ESO.

Páx 41....2.2-COMPETENCIAS específicas e a súa relación coas
Competencias Básicas.

Páx 43....2.3-CONTIDOS:

-Contidos do currículo.

Páx 45....-Contidos do proxecto curricular por UNIDADES:

-Conceptos

-Procedementos

-Actitudes

Páx 55....2.4-CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

-Relación entre os criterios de avaliación do currículo
Oficial e do proxecto curricular para 1º da ESO.

Páx 57....-Criterios de avaliación das unidades didácticas 1ºESO

Páx 67....3-PROXECTO CURRICULAR 2º ESO:

Páx 68....3.1-OBXECTIVOS:

-Relación Obxectivos da Etapa – Obxectivos da Materia

Páx 71....-Concreción e relación entre Obxectivos da materia e
Obxectivos do proxecto curricular para 2º ESO.

Páx 79....3.2-COMPETENCIAS específicas e a súa relación
coas competencias básicas.

Páx 85....3.3-CONTIDOS:

-Contidos do currículo.

Páx 87....-Contidos do Proxecto Curricular por UNIDADES:

-Conceptos

-Procedementos

-Actitudes.

Páx 101...3.4-CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Páx 102...-Relación entre os criterios de avaliación do currículo oficial e do proxecto curricular para 2ºESO.

Páx 109...-Criterios de avaliación das unidades didácticas 2ºESO.

Páx 113...4-PROXECTO CURRICULAR 3º ESO:

Páx 114...4.1-OBXECTIVOS:

-Relación Obxectivos da Etapa – Obxectivos da Materia

Páx 117...-Concreción entre obxectivos da materia e obxectivos do proxecto curricular para 3ºESO.

Páx 123...4.2-COMPETENCIAS específicas e a súa relación coas competencias básicas.

Páx 126...4.3-CONTIDOS:

-Contidos do Currículo.

Páx 128...-Contidos do Proxecto Curricular por UNIDADES:

-Conceptos.

-Procedementos.

-Actitudes.

Páx 138...4.4-CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

-Relación entre os criterios de avaliación do currículo Oficial e do proxecto curricular para 3º ESO.

Páx 140...-Criterios de avaliación das unidades didácticas 3ºESO.

Páx 150...5-PROXECTO CURRICULAR 4º ESO:

Páx 151...5.1-OBXECTIVOS:

-Obxectivos do Proxecto Curricular.

Páx 156...5.2-COMPETENCIAS específicas e a súa relación coas Competencias básicas.

Páx167...5.3-CONTIDOS:

-Contidos do Currículo.

Páx 169...-Contidos do Proxecto Curricular por UNIDADES:

-Conceptos.

-Procedementos.

-Actitudes.

Páx 181...5.4-CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Páx 182...-Relación entre os criterios de avaliación do currículo Oficial e do proxecto Curricular para 4º ESO.

Páx 192...-Criterios de avaliación das unidades didácticas 4ºESO.

Páx 198...6-PROXECTO CURRICULAR

1ºBACHARELATO:

Páx 199...6.1-OBXECTIVOS:

- Obxecvos xerais do currículo prescriptivo.
- Obxectivos xerais propostos.

Páx 201... 6.2-COMPETENCIAS BÁSICAS:

- Competencias Específicas e a súa relación coas Competencias Básicas.

Páx 204...6.3-CONTIDOS:

- Contidos do Currículo.
- Contidos do Proxecto Curricular por UNIDADES:
 - Conceptos.
 - Procedementos.
 - Actitudes.

Páx 211...6.4-CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º BACH.

Páx 214...7-PROXECTO CURRICULAR PARA

2º BACHARELATO:

Páx 215...7.1-OBXECTIVOS:

- Obxecvos xerais do currículo prescriptivo.
- Obxectivos xerais propostos.

Páx 217... 7.2-COMPETENCIAS BÁSICAS:

- Competencias Específicas e a súa relación coas Competencias Básicas.

Páx 220...7.3-CONTIDOS:

- Contidos do Currículo.
- Contidos do Proxecto Curricular por UNIDADES:
 - Conceptos.
 - Procedementos.
 - Actitudes.

Páx 235...7.4-CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º BACH.

Páx 237...8-ANEXOS:

Páx 238...8.1-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Páx 239...8.2-INTERDISCIPLINARIEDADE E APLICACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSÁIS.

Páx 242...8.3-ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN E COLABORACIÓN Ó PROXECTO LECTOR DO CENTRO DESDE O DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.

Páx 243...8.4- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN E COLABORACIÓN Ó PLAN TIC DO CENTRO DESDE O DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.

Páx 244...8.5-DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Páx 247...8.6-AVALIACIÓN:

A)-OBXECTOS DE AVALIACIÓN:

1)-A nosa avaliación coma profesorado.

2)-A avaliación do noso alumnado.

Páx 248.....B)-MODOS DE AVALIACIÓN.

C)-MOMENTOS DE AVALIACIÓN.

Páx 249.....D)-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

E)-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Páx 250.....F)-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

G)-ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN.

H)-PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (Na ESO).

Páx 251.....I)-PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS (BAC art.3.7 Ord. 24/06/2008).

L)-ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.

M)-CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES.

Páx 252.....N)- PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO COM ATRIBUCIÓN HORARIA (Na ESO).

Ñ)-PLANS DE TRABALLO PARA SUPERAR MATERIAS PENDENTES.

O)-PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR (Na ESO).

Páx 253...P)-REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN.

8.7-CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

8.8-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

8.9-MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Páx 254...8.10-FORMAS DE AGRUPAMENTO.

8.11-METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Páx 255...8.12-TEMPORALIZACIÓN DE TEMAS POR NIVEL.

Páx 256...8.13-MEMBROS INTEGRANTES DESTE DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

Esta programación didáctica foi elaborada tendo en conta a lexislación vixente, as características do Centro e do noso alumnado, así como a materia a impartir.

Consideramos necesario facer una análise inicial tanto do Contexto do Centro, como da propia materia que imos impartir, adecuada ó devandito contexto, e polo tanto o alumnado co que imos compartir coñecementos e experiencias ó longo de todo este curso.

-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

A-DO CENTRO

1-INTRODUCCIÓN. Dende este departamento consideramos que é útil, necesario e imprescindible, a realización dunha análise inicial do contexto do centro e das características do alumnado que acude a él e que temos nas nosas aulas, para a posterior planificación de todo o que lles atinxe (materia a impartir, a súa distribución, a labor de tutoría, etc.).

2-CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO

I) DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

1) Nome:

A denominación oficial do centro é Instituto de Ensino Secundario “A Xunqueira I”.

2) Titularidade:

É un centro de titularidade **pública** dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

3) Data de creación:

Foi creado no curso **1978-9** como terceiro centro de bacharelato da cidade de Pontevedra.

4) **Ubicación e características derivadas:**

O I.E.S. “A Xunqueira I” atópase situado na **rúa Alexandre Bóveda nº 1**, de **Pontevedra**, dividido en dous edificios que albergan, respectivamente, o pavillón deportivo e as restantes dependencias. Encóntrase nunha zona estudiantil, a carón doutros centros de primaria e secundaria, facultades do Campus de Pontevedra, CEFORE e Escola Oficial de Idiomas.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “**centros de carácter periférico mixto**”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos “masculino” e “feminino” da cidade. Co paso do tempo, adquiriu un carácter “**rururbano**” polas características do seu alumnado, procedente nun sesenta por cento das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia; nun trinta por cento, da área suburbana de nova construción, formada sobre todo por e para a poboación emigrante retornada nos anos oitenta; e, nun dez por cento, das áreas residenciais da cidade, que posúen un nivel socioeconómico distinto ao das áreas anteriores.

A creación de centros de ensino secundario na parroquia de Monteporreiro ou no concello veciño de Poio, así como o I.E.S. Torrente Ballester, contribuíu en gran medida á redución e modificación das características do alumnado.

5) **Niveis educativos:**

- a) 1º e 2º ciclos da **ESO**.
- b) 1º e 2º cursos de **Bacharelato**, nas modalidades de: Ciencias da Natureza e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes Plásticas, deseño e imaxe.
- c) Ciclo Medio de **Laboratorio**.

6) Réxime de permanencia:

Tendo en conta o número de unidades e as características diversas do seu horario, o ensino impártese en réxime de **xornada partida**. O alumnado da ESO procedente da zona de Campo Lameiro fai uso do **comedor** escolar na xornada do luns, mentres que o alumnado da zona de Campañó vense obrigado a utiliza-lo **transporte** escolar catro veces nese día. A fin de evitar tantos desprazamentos e por necesidades de espacio, procúrase concentra-la maior parte das horas lectivas durante as mañás; por iso, entre as **nove** e as **catorce** horas **trinta** minutos tódolos cursos asisten a **seis sesións** de clase. As restantes para completa-los seus horarios sitúanse nas **tardes do luns**, a excepción dos grupos dos ciclos Medio e Superior, que presentan características especiais.

7) Centros adscritos:

Na actualidade, áchanse adscritos ó IES “A Xunqueira I” os seguintes centros de Educación **Primaria**: o Colexio Público “A Xunqueira I” (de Pontevedra), así como os colexios públicos de Campo Lameiro, Parada de Campañó, e Lérez.

8) Financiamento:

Trátase dun centro público financiado case de xeito exclusivo pola Consellería de **Educación**, pero recibe subvencións da Comunidade Económica **Europea** polas súas unidades do Ciclo Medio e Superior de Formación Profesional.

9) Actividades extraescolares:

No centro, ao longo do ano, realízanse diversas actividades culturais e deportivas. Dentro do apartado de actividades culturais, debemos salientar:

a) A existencia do grupo de teatro “Ailalera”, o grupo “División musical A Xunqueira 1” e unha revista escolar, “Xuncos”, que se vén editando desde o curso 84-85.

b) A participación en concursos literarios e artísticos organizados por diferentes institucións.

c) A organización de intercambios escolares con alumnado de Francia e os Estados Unidos ou Reino Unido, así como a

participación do instituto no programa Pasaporte para Europa 2000, dentro do Plan Comenius, con outros centros de Francia e Italia.

d) A realización de viaxes de fin de estudos, estancias de varios días en Madrid para o alumnado de Bacharelato, así como moitas e variadas saídas dun día para tódolos cursos a fin de asistir a exposicións, concertos e representacións teatrais, visitar museos ou empresas etc...

e) En canto ás actividades deportivas, o centro conta con:

A organización, durante o curso, de campionatos internos de diferentes deportes.

A realización dunha estancia de tres días na Aula de Natureza da Serra do Invernadeiro, organizada polo Seminario de Educación Física

10) **Persoal:**

Na actualidade hai no centro aproximadamente 70 profesores e profesoras agrupados/as nos diferentes seminarios didácticos, un orientador, unha profesora de apoio, para o alumnado con necesidades especiais da ESO.

Ademais, desempeñan as súas tarefas no centro: persoal administrativo (2), persoal subalterno (3) e persoal de limpeza (4).

11) **Infraestructura:**

O centro está situado nun **campus** escolar de extensión adecuada ao número do alumnado, dedicado a campos de deportes e zonas verdes para o lecer, cunha lagoa ou xunqueira, réplica en miniatura do primitivo ecosistema que dá nome a este instituto.

O **acceso** ao centro, tanto para peóns como para vehículos, pode considerarse bo.

Próximo ao edificio escolar propiamente dito, existe un **pavillón** deportivo de 800 m², con vestiarios e duchas.

En canto ao edificio escolar, o seu estado aceptable. A **entrada** do edificio ten rampas de acceso para persoas con discapacidade, pero dentro non existe ascensor para acceder ao primeiro andar, onde se atopan a maioría de seminarios e algúns laboratorios, nin para baixar ao soto.

O centro dispón dunha **cafetería** de dimensións aceptables.

As **aulas comúns** teñen unha superficie media de 54 m², a cal resulta suficiente para o número de alumado, como máximo 30 nos cursos de ESO e Ciclos e 35 nos de Bacharelato.

Hai ademais **aulas específicas** de Debuxo, Informática, Música, Vídeo e Tecnoloxía; laboratorios de Ciencias Naturais e Física e Química (Análisis, Ensayos e Microbioloxía), dúas aulas taller de máis de 90 metros cadrados para as asignaturas do Bacharelato de artes e os Talleres dos Ciclos de Laboratorio.

A **biblioteca** do centro, ampla e luminosa, está dotada con 9.000 volumes, así como dunha completa **videoteca** doada por José Luisa Aguado, irmán dunha profesora do centro.

Para os servizos de comunicación, o centro ten instalados Fax, Modem e **Internet** en tódalas aulas.

12) Entorno socioeconómico do centro:

O Instituto “A Xunqueira I” da cidade de Pontevedra presenta as seguintes características socioeconómicas e culturais:

a) O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural **medio** (fundamentalmente medio-baixo), no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes a un medio rural próximo ao Instituto (a maioría do alumnado utiliza transporte para asistir ás clases.)

b) Atendendo ás **profesións** dos pais e das nais, predominan os/as dedicados/as a profesións do ámbito manual-asalariado; abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade de profesionais liberais. É de subliñar-la elevada porcentaxe de nais que son amas de casa.

c) Polo que atinxe ao alumnado, reciben das familias o **apoio** e os medios para a súa formación e estudos; estudos que a maioría do noso alumnado pensa continuar na universidade.

d) Aínda que o alumnado vive maioritariamente no medio rural, a lingua máis empregada é o **castelán**; o uso do **galego**, non obstante aumenta no ambiente familiar.

II) SINAIS DE IDENTIDADE

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de **neutralidade ideolóxica**, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutramento, sectarismo e proselitismo, aínda que se declara esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O Instituto intenta formar para a **paz e rexeita a violencia**, polo tanto é unha esixencia inescusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar.

O seu alumnado formarase para a **xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade**.

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola **coeducación** ou educación na igualdade dos sexos.

A **igualdade de oportunidades** será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

1) Linguas do Centro:

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar **calquera das linguas oficiais**, pero, para contribuír á normalización lingüística do **galego**, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta cada vez máis a lingua ambiental e didáctica no ámbito escolar. En todo caso, deberá garantirse, ao remata-la escolaridade, un correcto dominio oral e escrito de ámbalas dúas linguas.

2) Metodoloxía para a aprendizaxe:

a) O labor educativo basearase no **respecto** mutuo, o diálogo e a reflexión.

b) O profesorado, como guía do proceso de ensinanza-aprendizaxe, impulsará este proceso cara a unha aprendizaxe **activa**, que desenvolva as iniciativas e a creatividade do alumnado

c) O proceso de ensinanza-aprendizaxe procurará a adquisición de técnicas de **traballo** ou hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomente no alumnado o interese por continua-la súa formación e integración na sociedade como cidadáns e cidadás libres e responsables.

d) Fomentarse o coñecemento do **país**, da súa realidade e dos seus problemas, así como o respecto ao medio ambiente natural. O centro estará aberto á comunidade que o rodea fomentando a relación co seu peculiar entorno á vez cidadán e rural.

e) O ensino adaptarse aos distintos **ritmos** e capacidades de aprendizaxe, de acordo co desexo da “educación para a diversidade”

f) Na procura dun proxecto educativo común, fomentaranse a **cooperación** e a complementariedade do profesorado, pero admitiranse as diferencias de estilos docentes, que, ademais de enriquecedoras, son un exemplo de espírito democrático para o alumnado.

g) Estímase que a **orde** é indispensable para a vida escolar e procurarse a comprensión e aceptación deste principio por parte de todos e todas, xa que non é un mero capricho nin froito dunha imposición.

3) Xestión do Centro:

a) A xestión do instituto debe ser **participativa** e **democrática**.

b) O centro é **gobernado** polo equipo directivo e o Consello Escolar.

c) Como o equipo directivo ten que representar á comunidade escolar, a súa **elección** debe ser expresión de liberdade democrática e froito do diálogo e o consenso.

d) Impulsaranse os procesos de participación, información, consulta e decisión que impliquen e responsabilicen a asociacións de pais e nais, profesorado, alumnado e o persoal non docente, de xeito que sexan óptimas as relacións entre os colectivos que

constitúen a comunidade escolar. Desta maneira espérase acadar a **participación** de todos e todas na consecución dos obxectivos comúns e a súa identificación co proxecto educativo.

e) Será un obxectivo permanente dar solidez ás **relacións** do centro tanto coas administracións educativa e local como coas entidades ou asociacións do entorno.

4) **Lexislación:**

Ó ser un centro de titularidade pública, toda a súa actividade estará rexida pola lexislación vixente na Comunidade Autónoma de **Galicia**.

B- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA A IMPARTIR POR ESTE DEPARTAMENTO

Todos nacemos e nos desenvolvemos no seo dunha familia e sociedade concretas que teñen a súa tradición cultural, que é coma o caldo de cultivo no que cada un de nós imos medrando. Nos pertencemos a unha cultura occidental de profunda raigambre cristiá.

Está claro que a cultura occidental en xeral, e a galega en particular, está sostida e conformada fundamente por crenzas, costumes, ritos, festas, valores e modos de vida empapados de cristianismo. Polo mesmo, para ben ou mal, non é posible ter un coñecemento serio do que é a persoa, a sociedade e a cultura occidental se deixamos de lado a relixión, no noso caso o cristianismo, como parte integrante de ese ser humano, sociedade e cultura. Pasar por alto este feito e quedar privado das claves necesarias para poder ler e interpretar a cultura occidental en xeral, e a galega en particular.

A escola, se non quere renunciar a súa condición de ser un lugar para a formación integral da persoa, terá, polo tanto, que ofrecer os elementos que conforman a súa cultura.

Ninguén nos seus cabais pon en dúbida que son os pais os primeiros e principais educadores dos seus fillos e que os poderes públicos teñen coma unha das súas misións a de axudarlles nese cometido. Polo tanto, si para un grupo de pais o relixioso é un valor con significación decisiva para a súa vida e a consecución do pleno desenvolvemento da persoa humana, será deber dos poderes públicos "garantir o dereito que asiste os pais para que os

seus fillos reciban unha formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións" (Constitución, art. 27).

É necesario que sexa esta unha disciplina específica e rigorosamente escolar, ordinaria para aqueles que a soliciten, equiparable o resto das disciplinas no seu rigor científico, presentación de obxectivos e contidos e na súa significación educativa.

A formación relixiosa e moral católica na ESO e BACHARELATO pretende ir afondando nos contidos que o alumnado estudou previamente, e que debe ter asimilado na etapa anterior, co sentido máis crítico nesta etapa e desevolvendo con maior protagonismo a súa capacidade de creación, innovación e enriquecemento nos seus valores básicos, sustentados nos principios, criterios e valoración propia da ensinanza relixiosa católica.

Ademáis da transmisión de coñecementos, a nosa materia ten a misión de formar homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores, colaborando na maduración da personalidade integral do alumnado cando transmite valores e creacións culturais coa posibilidade de asimilalas, rexeitalas ou modificalas en orden a un proxecto da propia persoa.

Esta materia compromete ao educando nunha apertura cara o fundamento e senso último da vida e polo tanto ao sentido da ciencia e da cultura mesma para a persoa humana. Trátase de aclarar e responder as grandes preguntas que o alumnado se formula a si mesmo e que asumirá como opción libre e persoal, axudándolles a que logren achegarse ou atopar a súa identidade persoal; feito ó que contribúe unha conveniente orientación cara os valores persoais e o significado último e global da súa existencia.

Polo tanto, impartimos a nosa materia tendo en conta as condicións persoais de cada un dos nosos alumnos e alumnas, a súa propia persoalidade, a súa procedencia social e cultural, o seu entorno familiar, as súas carencias e os seus aspectos máis salientables, axudándolles no seu proceso de aprendizaxe e de crecemento persoal.

1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

1.1.-OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Constitúen uns enunciados que definen o tipo de desenvolvemento que esperamos que alcancen os alumnos ao termo da etapa. Estas capacidades orientarán e vertebrarán a actuación educativa en todas as materias e atenden a unha evolución integral da personalidade, pois refírense á súa dimensión intelectual, comunicativa, estética, socioafectiva e motórica.

1.2-PRINCIPIOS DE SELECCIÓN E SECUENCIA DE OBXECTIVOS E CONTIDOS

A concreción dos obxectivos e contidos tivo en conta os seguintes principios:

- a) Adecuación ao desenvolvemento evolutivo** dos mozos e mozas de cada un dos cursos.
- b) Consideración dos obxectivos da Etapa, obxectivos das materias e a súa relación coas competencias básicas.**
- c) Aprendizaxes previas** que estes mozos e mozas teñen como consecuencia da súa historia educativa.
- d) Coherencia coa lóxica interna de cada unha das materias á** que pertencen os contidos de ensino e aprendizaxe.
- e) Selección de contidos** de acordo cos bloques do currículo oficial.
- f) Equilibrio entre contidos e tratamento cíclico dos máis significativos.**
- g) Interdisciplinariedade.**

h) Relevancia e consideración das competencias básicas e os contidos comúns transversais en función das características das materias en que se integran.

1.3-PERSPECTIVA METODOLÓXICA DA RELIXIÓN CATÓLICA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

.

A).-VALOR FORMATIVO DA MATERIA

O ensino relixioso contribúe á calidade da educación dende a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. A opción confesional católica faíno desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumno, presentando a proposta de Xesús de Nazaret de tal modo que poida dar sentido á súa vida e iluminar o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria. Ademais, ofrécese unha formación significativa acerca das demais confesións relixiosas, subliñando de modo especial o traballo conxunto que realizan a favor da convivencia, a xustiza e a paz no noso mundo.

Non podería existir unha formación integral e, xa que logo, unha educación de calidade, se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo adquire o seu auténtico cumprimento na procura do sentido último da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa -tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade- nas manifestacións relixiosas e culturais do seu contorno, no progreso e humanización do propio ser humano, nas linguaxes da Biblia, nos modelos cristiáns de referencia e, particularmente, na persoa de Xesús Cristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre

Ensin e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

Atendendo ás competencias establecidas no citado Acordo internacional e recoñecidas na Lei, corresponde á Conferencia Episcopal Española fixar o currículo da opción confesional católica.

O currículo da opción confesional católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do contorno e ás demandas didácticas do sistema educativo. Xunto con outras opcións, enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do grande acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións vixentes.

O ensino relixioso católico contempla o fenómeno relixioso nas súas distintas dimensións. A opción confesional católica achega a súa propia perspectiva das mesmas:

A **dimensión cultural e histórica** está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste sentido, a Relixión católica deu os seus froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. Por iso, o currículo da opción confesional católica ensina a incidencia que o cristianismo -nos seus contidos doutrinais e as súas formas históricas- tivo e ten na cultura española e europea.

A **dimensión humanizadora** da opción confesional católica constitúe unha achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que permiten ao alumno dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. A formación relixiosa católica achega deste xeito unha cosmovisión que fai

posible a apertura cara ao fundamento e o sentido último da vida e, xa que logo, ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Trátase de afrontar as grandes preguntas que o alumno se formula e axudarlle a atopar as respostas que poderá asumir como opción libre e persoal. É finalidade da escola que os alumnos logren o seu desenvolvemento persoal; o que non é posible sen unha conveniente fundamentación e orientación cara a un significado último e global da existencia.

A **dimensión ético-moral** explicita as esixencias morais que implica a mensaxe cristiá. Na opción confesional católica ofrécese un determinado xeito de ver a vida, en cuxa base se atopa un concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas, e a proposta dunha escala de principios e valores. O ensino relixioso católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesús Cristo.

A opción confesional católica preséntase no ámbito escolar, na súa estrutura epistemolóxica ou disciplinar, co **carácter científico** co que, na cultura universitaria, se abordan as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición nos Estados do noso contorno cultural. O seu estatuto epistemolóxico orixinal entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aqueles outros tipos de saberes e racionalidade que operan na escola.

Na Educación Secundaria, a opción confesional católica ten en conta as características psicolóxicas propias da adolescencia. Nesta idade o alumno fórmulase especialmente a actitude persoal ante o relixioso dunha forma máis racional e entra nunha fase de interiorización que axunta un descubrimento maior de si mesmo e unha capacidade crecente de abstracción.

B)-METODOLOXÍA

DECISIÓNS SOBRE A METODOLOXÍA EDUCATIVA

Nos libros de Programación e Didáctica de cada unha das materias explícanse detalladamente as estratexias e técnicas máis adecuadas para o proceso de ensino e aprendizaxe.

Unha das páxinas do documento recolle as liñas metodolóxicas xerais para a materia.

Dende un punto de vista xenérico, o Proxecto de Ediciones SM, así como as programacións didácticas e de cada unha das unidades didácticas, baséanse nos **principios de intervención educativa** xa sinalados e que sintetizamos e concretamos da seguinte forma:

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno/a**, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas** por medio do traballo das materias.
- c) Dáse prioridade á comprensión dos contidos** que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- d) Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos**, de modo que o alumno poida comprobar o interese e a **utilidade do aprendido**.
- e) Foméntase a reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de **conclusións** con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos/as sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.

1.4-OS PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

Os novos currículos para a Educación Secundaria Obrigatoria especifican que pretenden dar resposta e *actualizar os programas desde unha perspectiva científica, social e didáctica*.

Analizando as orientacións xerais da Etapa e as específicas para cada materia, extráense un **conxunto de principios marco que van garantir a coherencia entre cursos e tramos do Proxecto Curricular. Estes principios son:** impulso ao nivel de desenvolvemento do alumno/a e ao desenvolvemento de competencias básicas, favorecer a transferencia entre os contidos e estimular a cooperación.

▪ **Considerar o nivel de capacidade do alumno/a e estimular novos niveis de capacidade**

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos. A investigación psicopedagóxica desenvolvida neste terreo demostrou que as capacidades características do pensamento abstracto se manifestan de xeito moi diferente dependendo dos coñecementos previos de que parten os alumnos.

Por iso, o estímulo ao desenvolvemento do alumno esixe compaxinar a significación ou o sentido psicolóxico e epistemolóxico. Trátase de harmonizar o nivel de capacidade, os coñecementos básicos e a estrutura lóxica da disciplina. Para iso, será preciso que os contidos sexan relevantes e se presenten organizados.

▪ **Promover o desenvolvemento de competencias básicas e específicas**

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles aos alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que

lles permitan integrarse eficaz e construtivamente na sociedade en que viven para que, finalmente, mesmo poidan cooperar de xeito persoal nesas transformacións.

Os currículos actuais, aínda destacando a vertente conceptual nos contidos, subliñan nos obxectivos xerais da Etapa, nos obxectivos das materias e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, busca e selección de información significativa etc.) que vaian articulando estratexias de aprendizaxe autónoma. Iso materializa unha das dimensións da educación vinculadas ao desenvolvemento da función titorial e orientadora a través da docencia: ensinar a pensar e traballar e ensinar a emprender, amosar iniciativas e decidir.

A LOE xa identifica, nos compoñentes do currículo, as competencias básicas. Os currículos oficiais determináronas de acordo a supostos educativos impulsados desde a Unión Europea e organismos internacionais. As competencias van constituír un referente de capacidade nos alumnos para saber facer, para obrar; serán concretadas nas distintas materias e configurarán un dos eixes esenciais para guiar o proceso de ensino-aprendizaxe e o proceso avaliador.

▪ **Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos**

Na Educación Secundaria Obrigatoria, é a materia a forma básica de estruturación dos contidos. Esta forma de organización curricular facilita, por unha banda, un tratamento máis profundo e rigoroso dos contidos e, por outra, contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Non obstante, a fragmentación do coñecemento pode dificultar a súa comprensión e aplicación práctica. Debido a iso, é conveniente mostrar os contidos relacionados, tanto entre os diversos bloques compoñentes de cada unha delas, coma entre as distintas materias. Iso pode facerse *tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas ás que xa aludimos*; tamén e máis concretamente, por medio dos contidos comúns-transversais, construíndo conceptos claves comúns e resaltando o sentido dalgunhas técnicas de

traballo que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento.

▪ **Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación**

Investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento do alumnado. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial. A interacción entre alumnos inflúe decisivamente no proceso de socialización, na relativización de puntos de vista, no incremento das aspiracións e do rendemento académico.

Os obxectivos da Etapa, os obxectivos das materias e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Cumprirá deseñar experiencias de ensino-aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

1.5-RELACIÓN COS CONTIDOS COMÚNS /TRANSVERSAIS.

Os contidos comúns-transversais aparecen integrados nos obxectivos, nas competencias específicas, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación. Deste xeito, entendemos que o fomento da lectura, o impulso á expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores, son obxectos de ensino-aprendizaxe a cuxo impulso deberemos contribuír. Constitúen exemplos diso os seguintes:

- Utilización das novas tecnoloxías para o tratamento da información.
- Interese pola lectura de todo tipo de publicacións que acheguen á realidade global na que vivimos.
- Estimulación do gusto pola lectura, a reflexión e o comentario de textos literarios e eclesiásticos de diferentes épocas, posicionamentos e autores.
- Actitude de procura de canles comunicativas, creativas e persoais.
- Respecto polas normas básicas que significa o feito relixioso.
- Valoración da relixión como elemento sociocultural e como vehículo de transmisión e creación cultural.
- Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade, mostrando especial sensibilidade cara aos que supoñen unha discriminación social, sexual, racial etc., e cara a aqueles que destacan o importante papel que a relixión xoga nas sociedades e na cultura.
- Sensibilidade estética ante as producións artísticas, propias e alleas, arredor do tema relixioso, valorando os elementos creativos e innovadores.

1.6- RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Os novos currículos da ESO e Primaria identificaron **oito competencias básicas para o conxunto da escolaridade obrigatoria**. Son as seguintes:

1. **Comunicación lingüística.**
2. **Matemática.**
3. **Coñecemento e interacción co mundo físico.**
4. **Tratamento da información e competencia dixital.**
5. **Social e cidadá.**
6. **Cultural e artística.**
7. **Aprender a aprender.**
8. **Autonomía e iniciativa persoal.**

O desenvolvemento destas competencias básicas constitúe, nas nosas concrecións do currículo, unha obriga; pero **desde a nosa materia, materializaremos en enunciados máis concretos que, definan medios operativos que identifiquen a corresponsabilidade de cada ámbito do currículo para a súa adquisición e desenvolvemento**. Deste xeito, **mostraremos unhas competencias específicas** (a través da explicitación do número que a acompaña nos documentos oficiais) como elementos de desempeño en contextos determinados de ensino-aprendizaxe; quedarán **supeditadas**, pois, **ás básicas**.

O carácter integrador da materia de Relixión católica, fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición de varias das competencias básicas:

- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da competencia en **comunicación lingüística** posto que propón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, como instrumento de aprendizaxe e como instrumento de regulación de condutas e emocións. Ademais, mediante as súas propostas de traballo, as súas actividades e os seus recursos fomenta a escoita e a conversación consciente dos principais tipos de interacción verbal, a

comprensión e a comunicación, e promove o feito de saber verbalizar conceptos, explicitar ideas, redactar un escrito e expoñer un argumento.

- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da *competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico* xa que as súas formulacións buscan sempre que o alumno saiba interactuar co mundo físico, aprenda a interpretar os sucesos e predicir as súas consecuencias e perciba adecuadamente o espazo físico no que se desenvolve a vida e a actividade humana. Ademais, subliña a importancia que ten ser consciente da importancia do uso responsable dos recursos naturais.
- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da *competencia do tratamento da información e competencia dixital* xa que promove que os alumnos saiban buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Saber acceder á información utilizando técnicas e estratexias diversas e dominar o uso das ferramentas das TICs como apoio de traballo constitúen tamén competencias importantes fomentadas por esta materia.
- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da *competencia social e cidadá* xa que promove que os alumnos/as coñezan a realidade social, o seu pasado histórico e os seus problemas, saiban vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que viven e exercer a cidadanía democrática. Ademais, a materia busca que os alumnos/as sexan capaces de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros, saber convivir e facelo de forma comprometida cos valores universalmente aceptados.
- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da *competencia cultural e artística* xa que promove que os alumnos/as saiban apreciar, comprender e valorar

críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilicen a cultura e a arte como fonte de gozo e enriquecemento persoal e aprecien a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa.

- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da *competencia para **aprender a aprender*** xa que promove que os alumnos/as sexan capaces de iniciarse na aprendizaxe e continuala de xeito autónomo, que saiban desenvolverse ante as incertezas, admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema, ser conscientes do que se sabe e do que queda por aprender e saber como se aprende e como se xestionan os procesos de aprendizaxe.

- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da *competencia da **autonomía e iniciativa persoal*** xa que promove que os alumnos/as saiban optar con criterio propio, saiban levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver e facerse responsables das propias opcións e adquiren a capacidade necesaria para enfrontarse aos problemas. Ademais, a materia de Relixión católica busca que os alumnos/as adquiren valores como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade dun mesmo, a demora da satisfacción, e sexan capaces de transformar as ideas en actos, de xerar ideas novas e posúan as calidades da autonomía, autoestima, perseveranza, responsabilidade, autocrítica, iniciativa e creatividade, ademais das habilidades sociais do respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo. Para rematar, os contidos desta materia de Relixión católica subliñan a importancia de que os alumnos/as teñan confianza en si mesmos, espírito de superación e a asunción de riscos, e sexan capaces de ter un espírito emprendedor e unha sa ambición persoal e profesional.

1.7-A AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA

A)-OBXECTIVOS DO PROCESO DE AVALIACIÓN.

A LOE, os Decretos do currículo e as ordes de avaliación constitúen o marco de referencia obrigado para o desenvolvemento do proceso avaliador nos centros e nas aulas de Educación Secundaria. Neste marco determínase que **a avaliación debe abranguer tanto a actividade de ensino coma a de aprendizaxe, e que debe constituír un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador.**

Este proceso ten como obxectivos:

- **Coñecer a situación de partida** dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a **formulación dun modelo de actuación axeitado ao contexto**, en función dos datos anteriores.
- **Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado.**
- Tomar as decisións necesarias para **adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos/as nos seus procesos de aprendizaxe.**

A adaptación do currículo ao medio sociocultural é tarefa de cada un dos centros.

B)-CRITERIOS DA AVALIACIÓN.

Segundo indica o currículo oficial, **os criterios de avaliación establecen o tipo e o grado de aprendizaxe que se espera que os alumnos/as vaian alcanzando ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria con respecto ás competencias básicas e ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais.** O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados **non ha de ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade**, e tendo en conta a situación do alumno/a, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a avaliación cumpre fundamentalmente unha **función formativa**, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos/as, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas. Por outra banda, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Por iso, os criterios de avaliación veñen ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

Para que **os criterios de avaliación** poidan realmente cumprir esta función formativa **é preciso que se utilicen dende o comezo do proceso** de aprendizaxe; xa que logo, **é fundamental contar cos criterios para cada curso e, nel para as unidades didácticas**, xa que canto antes se identifiquen posibles dificultades de aprendizaxe, antes se poderá reaxustar a intervención pedagóxica.

C)-AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

Os criterios de avaliación

O currículo oficial establece uns criterios que constitúen enunciados que indican qué avaliar *para cada materia*. Os centros deberán establecer a concreción e adaptación destes criterios nas súas concrecións curriculares.

Os criterios de avaliación fan posible a acción educadora ao permitir o seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe axustando os itinerarios que se percorren en función dos obxectivos previstos. Aquí áchase a súa gran finalidade ou función formativa.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos haberán de ser variados. Para recoller datos podemos servirnos de diferentes **procedementos de avaliación**:

- * **A observación de comportamentos.**
- * **Entrevistas.**
- * **Probas.**
- * **Traballos.**
- * **Cuestionarios orais e escritos...**

Os datos recóllense en diversos **instrumentos para a avaliación**. Podemos clasificalos en **oficiais**, cuxo formato foi determinado pola administración ou **persoais**, de formato libre seleccionados ou construídos polo profesor ou equipo de profesores.

<p>violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.</p> <p>e) Desenvolver destrezas básicas no emprego das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p> <p>f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p> <p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p> <p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, de habela, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no</p>	<p>mediante o coñecemento e a análise da súa mensaxe, a súa vida e a súa presenza polo Espírito Santo.</p> <p>6. Analizar e valorar o sentido e finalidade da Igrexa en canto realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo lle ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega aos procesos máis importantes da historia española e europea.</p> <p>7. Coñecer e valorar a resposta dos crentes á mensaxe e ao acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.</p> <p>8. Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo, e o carácter celebrante de cada un dos sacramentos.</p> <p>9. Descubrir os fundamentos racionais e revelados que xustifican o ensino moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo, cos outros e co mundo.</p> <p>10. Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmo e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade e</p>
---	--

<p>estudo da literatura.</p> <p>i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.</p> <p>l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.</p> <p>m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.</p> <p>n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, botando man de diversos medios de expresión e representación.</p>	<p>nas grandes relixións.</p> <p>11. Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.</p> <p>12. Analizar os principios que fundamentan a fe cristiá na vida eterna, valorando criticamente a proposta das grandes relixións.</p>
---	--

► CONCRECIÓN E RELACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS DA MATERIA E OS OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR PARA 2.º ESO

OBXECTIVOS DA MATERIA	OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR
<p>1. Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso na súa estrutura e na súa expresión histórica, como base de comprensión das distintas relixións.</p> <p>2. Razoar as respostas que as grandes relixións lles dan ás preguntas do ser humano sobre a concepción do home e o seu destino último.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Descubrir que as persoas somos interioridade e exterioridade (Unidade 1). • Comprender o significado da interioridade para as persoas (Unidade 1). • Coñecer os elementos da interioridade (Unidade 1). • Descubrir o valor do silencio como autoconhecimento e comunicación (Unidade 1). • Coñecer como Xesús viviu e falou da interioridade e da oración (Unidade 1). <ul style="list-style-type: none"> • Interesarse polo feito relixioso como referente básico na vida das persoas (Unidade 2). • Comprender o fenómeno relixioso como expresión da apertura do ser humano á transcendencia e da súa procura de sentido (Unidade 2). • Reflexionar ao redor da pregunta pola utilidade da relixión: para que serve? (Unidade 2). • Adquirir unha información básica sobre as características e manifestacións da relixión

<p>3. Coñecer a Biblia, na súa orixe, estrutura, finalidade e interpretación pertinente en relación coa historia e experiencia relixiosa de Israel, e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes.</p>	<p>(Unidade 2).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as manifestacións pseudorelixiosas máis importantes e sabelas diferenciar da relixión (Unidade 2). • Comprender que significa que Deus se dá a coñecer á humanidade para salvala (Unidade 3). • Coñecer as principais etapas da historia da salvación: as súas figuras máis representativas, o papel que tiveron na devandita historia e a mensaxe que todo iso transmite (Unidade 3). • Saber que significa e que consecuencias ten o pecado como encontro fracasado entre a humanidade e Deus (Unidade 3). • Enumerar e coñecer o alcance dos encontros fracasados máis importantes que os homes e mulleres tiveron con Deus na historia (Unidade 3). • Entender que queremos dicir cando afirmamos que os seres humanos somos responsables da salvación (Unidade 3).
<p>4. Coñecer os contidos do cristianismo que fundamentan a concepción do ser humano creado por Deus e destinado a ser fillo seu.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender que significa que Xesucristo é salvador (Unidade 4).
<p>5. Identificar a Xesucristo como Fillo de Deus, salvador encarnado entre os homes, mediante o coñecemento e análise da súa mensaxe, da súa vida e da súa presenza polo</p>	

<p>Espírito Santo.</p> <p>6. Analizar e valorar o sentido e finalidade da Igrexa en canto á realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo lle ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega aos procesos máis importantes da historia española e europea.</p> <p>7. Coñecer e valorar a resposta dos crentes á mensaxe e ao</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer que significado teñen as formulacións que o credo realiza sobre Xesús (Unidade 4). • Analizar as implicacións e consecuencias que ten o feito de que Deus se fixo home en Xesús (Unidade 4). • Descubrir a Xesús, verdadeiro Deus e verdadeiro home (Unidade 4). • 5. Analizar o significado da paixón, morte e resurrección de Xesús para a nosa salvación (Unidade 4). • Analizar e valorar o sentido e finalidade da Igrexa en canto á realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo lle ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega aos procesos máis importantes da historia española e europea (Unidade 6). • Coñecer o significado de Pentecoste e as características da vida da primeira Igrexa (Unidade 6). • Descubrir a importancia e os trazos fundamentais da vida comunitaria (Unidade 6). • Comprender que significa que a Igrexa se organiza para o servizo, desde a diversidade de carismas e responsabilidades (Unidade 6).
--	---

<p>acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.</p> <p>8. Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo, e o carácter celebrante de cada un dos sacramentos.</p> <p>11. Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer cal é a misión da Igrexa e descubrir a súa achega á historia da humanidade (Unidade 6). • Coñecer e valorar a resposta dos crentes á mensaxe e ao acontecemento cristián que se realiza na Igrexa (Unidade 6). • Descubrir que significa seguir a Xesús resucitado (Unidade 5). • Afondar nas características básicas do estilo de vida que supón seguir a Xesús (Unidade 5). • Coñecer cales son os medios máis importantes para que se produza o encontro con Xesús (Unidade 5). • Afondar no significado da santidad, tanto na Igrexa primitiva coma na vida actual da Igrexa (Unidade 5). • Identificar a Xesucristo como centro e eixe da vida cristiá (Unidade 5). • Comprender o significado da oración e a celebración na vida persoal e comunitaria dun cristián (Unidade 7). • Comprender o sentido das celebracións cristiás en canto expresión da experiencia dun pobo e signos que manifestan a
---	--

<p>9. Descubrir os fundamentos racionais e revelados que xustifican o ensino moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo, cos outros e co mundo.</p>	<p>identidade dunha relixión (Unidade 7).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Achegarnos á experiencia dos primeiros cristiáns para ver como e por que empezaron a celebrar determinados acontecementos (Unidade 7). • Coñecer as principais celebracións litúrxicas cristiás que se realizan hoxe no seo da comunidade cristiá e comprender o significado destas (Unidade 7). • Recoñecer a forza expresiva dos símbolos na vida humana para descubrir o sentido e a finalidade dos sacramentos na vida da Igrexa (Unidade 7). • Coñecer que é o que caracteriza os sacramentos do bautismo, a eucaristía, a reconciliación e a unción de enfermos, como se realizan e que é o que teñen en común (Unidade 7). • Analizar a relación que teñen os diferentes sacramentos cos momentos cruciais da vida das persoas (Unidade 7). <ul style="list-style-type: none"> • Descubrir o valor de ser un mesmo como medio de realización persoal (Unidade 8). • Comprender que son e que finalidade teñen os medios de comunicación social (Unidade 8).
--	---

<p>10. Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmo e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade e nas grandes relixións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar o impacto que os MCS teñen nas persoas (Unidade 8). • Coñecer cal é a posición da Igrexa ante os MCS (Unidade 8). • Valorar a importancia da maduración persoal para poder facerlle fronte á publicidade de modo libre e responsable (Unidade 8). • Descubrir nos evanxeos que significa para Xesús seguir o camiño da verdade (Unidade 8). • Saber diferenciar aquelas actitudes que non se axustan á verdade daquelas que sustentan unha vida fundada na verdade (Unidade 8). • Coñecer o enunciado, o significado e as connotacións vitais que teñen para os seguidores de Xesús os tres primeiros mandamentos (Unidade 5).
<p>12. Analizar os principios que fundamentan a fe cristiá na vida eterna, valorando criticamente a proposta das grandes relixións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar algúns dos problemas máis graves que padece a nosa sociedade e que lles afectan radicalmente ás persoas, tales como a fame, a pobreza, a violencia, a guerra, a marxinación e a degradación do medio (Unidade 9). • Examinar con espírito crítico e con esperanza as "feridas" do mundo para desenvolver unha

	<p>actitude de cooperación e compromiso (Unidade 9).</p> <ul style="list-style-type: none">• Sensibilizarse coa situación de millóns de seres humanos que padecen o azoute destes graves problemas, fomentando o esforzo persoal e social por erradicalos (Unidade 9).• Confrontar a realidade que estes problemas ofrecen coa mensaxe de Xesús (Unidade 9).• Analizar en que consiste o traballo e o compromiso dos cristiáns por facer un mundo mellor (Unidade 9).• Recoñecer algunhas das organizacións católicas máis significativas polo seu compromiso coa xustiza e a igualdade, así como o testemuño significativo dalgúns cristiáns (Unidade 9). <ul style="list-style-type: none">• Coñecer que di a fe cristiá sobre o destino deste mundo e, polo tanto, sobre o destino das persoas (Unidade 10).• Analizar a promesa que Deus fai dun mundo novo que terá lugar despois deste, e comprender a responsabilidade dos cristiáns na construción dun ceo e dunha terra nova (Unidade 10).• Comprender, a partir das palabras de Xesús, que di a relixión cristiá sobre o destino da nosa vida e do mundo (Unidade 10).
--	--

	<ul style="list-style-type: none">• Comprobar como todas as relixións da humanidade intentaron responder ao problema da morte (Unidade 10).• Interpretar e comprender, a partir da morte de Xesús, cal é o futuro que lle espera ao cristián despois da morte (Unidade 10).• Fundamentar o sentido da esperanza cristiá na resurrección (Unidade 10).• Entender que significa que o reino chegou xa pero non de xeito definitivo (Unidade 10).
--	---

<p>MUNDO FÍSICO</p>	<p>entender a historia e a cultura occidental.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traducir a categorías actuais e comprensibles os antigos símbolos cristiáns para xerar cultura. • Apreciar a propia cultura e o valor artístico das linguaxes de comunicación actual. • Exercitarse na análise crítica da cultura actual á luz do evanxeo. • Mostrar curiosidade por coñecer máis e mellor diversas concepcións do tempo. • Apreciar a cultura propia e as alleas xunto ás súas manifestacións culturais. <ul style="list-style-type: none"> • Obter e seleccionar información. • Integrar e ampliar novos coñecementos aos xa adquiridos. • Coñecer e contrastar o testemuño e as experiencias das diversas comunidades cristiás. • Personalizar a propia aprendizaxe fomentando a atención, a experiencia e o traballo en equipo. • Abrir a intelixencia creativa á busca de novas razóns para vivir. • Ensanchar calquera tipo de itinerario ou discurso racional reducionista. <ul style="list-style-type: none"> • Exercitar a introspección e a interiorización. • Afondar no coñecemento dun mesmo. • Examinar situacións concretas da
----------------------------	---

	<p>vida para realizar un xuízo crítico, autónomo e responsable.</p> <ul style="list-style-type: none">• Exercitar o diálogo, a participación e o traballo en equipo.• Amosar empatía, poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.• Exercitarse en vivir con esperanza, soñando e traballando por un mundo mellor.• Incorporar elementos vivos e transcendentos na construción da propia personalidade.• Mostrar curiosidade por coñecer máis e mellor a persoa de Xesús nos textos sagrados, nos símbolos e nos documentos eclesiais.• escoitar a chamada persoal de Xesús como unha oferta de vida e de sentido.• Incorporar ao acerbo persoal os modos eclesiais de confesar, celebrar e vivir a fe.• Identificarse coa persoa de Xesús mediante o testemuño dalgúns dos seus seguidores.• Enriquecer e estimular a personalidade con modelos de vida suxestivos e atractivos.• Construír un sistema de valores propio a partir da vida e das palabras de Xesús.• Personalizar e exercitarse en vivir de acordo a devandita estimativa moral.• Desenvolver valores da integración social, do servizo e da solidariedade cos semellantes.
--	--

	<ul style="list-style-type: none">• Exercitar a toma de decisións e a asunción de responsabilidades.• Desenvolver a construción dun pensamento propio e autónomo.• Iniciarse na argumentación.• Exercitar a asunción de responsabilidades ante o presente e ante o futuro.• Medrar en liberdade interior abríndose a valores transcendentos como a esperanza, a responsabilidade e a misericordia.• Desenvolver valores de integración social, de servizo e de solidariedade cos semellantes. <ul style="list-style-type: none">• Ponderar a desigualdade e a inxustiza do mundo por medio da análise persoal e da Doutrina Social da Igrexa.• Enriquecer o xuízo crítico do uso da ciencia e da tecnoloxía.
--	---

3. CONTIDOS

► **CONTIDOS DO CURRÍCULO DA CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA PARA 2.º ESO**

1. O fenómeno relixioso e a súa linguaxe. A busca de Deus e a súa expresión relixiosa, histórica, cultural e social.
2. A experiencia relixiosa como realidade antropolóxica. O sentido da transcendencia. As grandes preguntas do home onde se enraíza o relixioso.
3. A plenitude da experiencia relixiosa: o encontro do home con Deus. O cristianismo e a revelación de Deus nos acontecementos e palabras testemuñados pola Sagrada Escritura.
4. O mal e o pecado. A ruptura do home con Deus. O valor das mediacións.
5. Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home, Mediador noso.
6. Xesucristo revélalle ao home a súa orixe, a súa condición e o seu destino como fillo de Deus.
7. A confesión de fe na encarnación, morte e resurrección de Xesús nas primeiras comunidades cristiás. A presenza de María no Misterio de Cristo.
8. A presenza viva de Deus na Igrexa, sacramento universal de salvación. A Igrexa continúa a obra de Xesucristo, animada polo Espírito Santo.
9. A fe e o seguimento. A santidad como meta de todo cristián.
10. Manifestacións da graza de Deus: orixe, finalidade e sentido dos sacramentos do bautismo, a reconciliación, a eucaristía e a unción dos enfermos. Relacións entre estes sacramentos e a vida humana.

11. A liturxia como expresión da relación de Deus cos homes e dos homes con El. Orixe e actualidade. O valor da oración.
12. Moral das relacións do home con Deus: 1º, 2º e 3º mandamentos.
13. Moral en relación coa verdade e coa autenticidade persoal. A súa presenza nos medios de comunicación.
14. Compromiso dos cristiáns na construción da cidade terrestre e valoración das achegas doutras relixións.
15. A civilización do amor: Deus promete un ceo novo e unha terra nova.

► CONTIDOS DO PROXECTO CURRICULAR POR UNIDADES

UNIDADE 1. O MUNDO QUE NON SE VE

CONCEPTOS

- "Dentro" e "fóra": dúas dimensións dun mesmo.
- A interioridade: un espazo de encontro e comunicación profunda.
- Elementos da interioridade.
- O silencio, camiño para se escoitar a un mesmo.
- Deus, presenza na interioridade.
- Xesús: vida interior e palabras sobre a interioridade.

PROCEDEMENTOS

- Tomar conciencia da dimensión interior e exterior das persoas.
- Usar a Biblia para traballar textos que teñen unha estreita relación co tema de estudo.
- Analizar viñetas e obras de arte, e ser quen de explicar de forma sinxela a mensaxe do autor.
- Explicar os conceptos básicos que aparecen na unidade.
- Ser capaz de verbalizar emocións, sentimentos e ideas.
- Analizar textos literarios para obter deles as ensinanzas que pretenden transmitir os seus autores.

ACTITUDES

- Interese por afondar na propia experiencia vital.
- Valorar a dimensión interior das persoas.
- Examinar o propio equilibrio entre interioridade e exterioridade.
- Involucrarse persoalmente no crecemento da propia vida interior.
- Recoñecer en Xesús o modelo de persoa que viviu "desde o seu interior".

UNIDADE 2. A RELIXIÓN, QUE É E PARA QUE SERVE

CONCEPTOS

- A experiencia crente.
- Elementos comúns ás diferentes relixións.
- A relixión, un fenómeno complexo.
- Expresións e manifestacións da experiencia relixiosa.
- A relixión, resposta de sentido.
- Maxia, superstición, idolatría e ciencias ocultas.
- A diversidade relixiosa e o diálogo interrelixioso.

PROCEDEMENTOS

- Obter datos sobre o feito relixioso a partir da observación directa, da análise de diferentes textos e da contemplación dalgunhas imaxes.
- Saber utilizar e valorar informacións escritas e audiovisuais sobre a relixión e as súas manifestacións.
- Examinar textos procedentes de diferentes tradicións relixiosas, saber relacionar o seu contido e descubrir aqueles aspectos que comparten.
- Traballar individualmente e en grupo o tema das preguntas polo sentido da vida.
- Ler os textos de contidos e saber resumir as ideas fundamentais que transmiten.

ACTITUDES

- Interese polo coñecemento do feito relixioso.
- Traballar por entender os aspectos fundamentais de toda relixión.
- Recoñecer as manifestacións pseudorrelixiosas no propio contexto.
- Tolerancia e respecto cara a outros sentimentos e expresións do feito relixioso.
- Recoñecer as achegas das relixións á vida das persoas e da cultura.
- Apertura e predisposición ao diálogo interrelixioso.

UNIDADE 3. UNHA HISTORIA DE SALVACIÓN

CONCEPTOS

- Deus e o home ao encontro.
- A salvación, unha vida plena e feliz.
- Historia da salvación: significado e etapas.
- O pecado: un rexeitamento á proposta de Deus.
- Homes e mulleres, responsables da salvación.
- A graza, compromiso de Deus coa humanidade.

PROCEDEMENTOS

- Contemplan e interpretan obras de arte de diferentes épocas, estilos e autores, cuxo tema principal sexan as diferentes etapas e protagonistas da historia da salvación.
- Ler e analizar diferentes textos bíblicos nos que se presentan as diferentes etapas da historia da salvación.
- Saber interpretar correctamente o significado e as consecuencias dos encontros entre Deus e os homes.
- Interpretar, a partir de textos bíblicos, o alcance dos encontros fracasados entre os homes e Deus.
- Saber situar sobre un mapa, cando sexa posible, as diferentes etapas da historia da salvación.

ACTITUDES

- Estudo rigoroso do tema da historia da salvación.
- Desexo de afondar con coherencia nos temas propostos na unidade, de maneira especial, no que concirne ao relativo á salvación e ao pecado.
- Corresponsabilidade na tarefa da salvación.
- Procura do auténtico significado da historia da salvación.
- Interese por coñecer os protagonistas da historia da salvación.

UNIDADE 4. XESÚS, O NOSO SALVADOR

CONCEPTOS

- A fe en Xesús, o Cristo.
- Xesús, Fillo único de Deus.
- Xesús, nado de muller.
- Xesús revela quen é Deus.
- Causas e significado da morte de Xesús.
- Significado e consecuencias da resurrección de Xesús.

PROCEDEMENTOS

- Interpretar as diferentes afirmacións sobre Xesús contidas no credo.
- Manexar a Biblia buscando diferentes episodios da vida de Xesús.
- Resolver algúns pasatempos didácticos baseados en distintas estratexias.
- Ler e comprender relatos (bíblicos e doutro xénero) para extraer deles conclusións reflexionadas.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias dos alumnos.
- Interpretar o contido dalgunhas obras de arte en relación ao tema estudado na unidade.

ACTITUDES

- Interese por saber que significa que Xesús é salvador.
- Capacidade de admiración ante a mensaxe que nos transmiten as obras de arte que presentan algúns aspectos da vida de Xesús.
- Dispoñibilidade para o traballo en grupo nalgúns dos exercicios propostos na unidade.
- Interese por realizar unha propia síntese dos principais acontecementos da vida de Xesús e o seu significado para os homes e mulleres de hoxe.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para ampliar coñecementos.
- Aprecio polas diferentes expresións artísticas de Xesús en distintos puntos do planeta.

UNIDADE 5. SEGUIR A XESÚS

CONCEPTOS

- Seguir a Xesús é relacionarse con el.
- O estilo de vida que xorde do seguimento de Xesús.
- Medios importantes para o encontro con Xesús.
- Que significa ser santo. Chamados a ser santos.
- Os tres primeiros mandamentos.

PROCEDEMENTOS

- Lectura e análise de textos bíblicos e testemuñais para facilitar a comprensión dos contidos.
- Realización de propostas de traballo e actividades para reforzar a adquisición de coñecementos.
- Contemplantar e interpretar o contido das fotografías e viñetas que ilustran a unidade.
- Consultar o vocabulario e as diferentes páxinas web que se propoñen.

ACTITUDES

- Responsabilidade ante as tarefas que se propoñen e nas actividades en grupo.
- Atención á adquisición de novos conceptos.
- Interese por querer afondar no verdadeiro significado que ten o seguimento de Xesús hoxe.
- Desenvolvemento da capacidade de traballar co texto bíblico.
- Reflexión sobre os contidos da unidade para a propia vida.

UNIDADE 6. A IGREXA CONTINÚA A OBRA DE XESÚS

CONCEPTOS

- Xesucristo convoca e congrega a comunidade dos seus discípulos.
- En Pentecoste maniféstase a Igrexa, misterio de comunión.
- A vida na primeira Igrexa: comunión, oración-celebración e misión.
- Imaxes para describir a Igrexa: Pobo de Deus, corpo de Cristo, templo do Espírito Santo.
- Trazos da comunidade cristiá.
- Misión da Igrexa: anunciar e instaurar o reino de Deus.
- Sentido e responsabilidade dos membros do Pobo de Deus.
- Formas de pertenza á Igrexa: laicos, xerarquía, relixiosos e relixiosas.
- Organización da Igrexa: a parroquia e a diocese.

PROCEDEMENTOS

- Observar e comentar as fotografías e ilustracións que acompañan as propostas de traballo, o desenvolvemento de contidos e as actividades que aparecen na unidade.
- Reflectir de xeito esquemático a rede de relacións que se establece entre as grandes relixións.
- Interrogarse sobre a razón pola que os primeiros discípulos foron transformados en persoas valentes e entregadas á misión.
- Ler e interpretar textos bíblicos, textos oficiais da Igrexa e textos de apoio, procedentes de diferentes autores e institucións, con distintas perspectivas.
- Sintetizar conceptos referentes á Igrexa, á súa orixe, características e estrutura, por medio de definicións propias dos alumnos.
- Coñecer diferentes aspectos do papado, especialmente dos pontífices do século XX e XXI.
- Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación na procura de información e na aprendizaxe.

ACTITUDES

- Interese por adquirir novos coñecementos sobre o tema da Igrexa.
- Capacidade para adquirir unha visión máis ampla da realidade e da misión da Igrexa na actualidade.
- Participación activa nas tarefas e propostas de traballo de tipo persoal e en grupo.
- Desenvolvemento da capacidade de observación e análise de obras de arte e textos bíblicos.
- Recoñecer o traballo e a presenza da Igrexa no propio contexto vital.
- Admiración cara á vida da comunidade cristiá orixinal.
- Interese pola figura do Papa, os bispos, os sacerdotes e os laicos dentro da Igrexa católica.

UNIDADE 7. ORAR E CELEBRAR

CONCEPTOS

- Liturxia e oración: constantes na vida da comunidade cristiá.
- Significados e ritmos das celebracións litúrxicas.
- Os sacramentos: signos visibles da presenza de Xesús.
- Orixe, finalidade e sentido dos sacramentos.
- Dous sacramentos de iniciación: bautismo e eucaristía.
- Os sacramentos de curación: a reconciliación e a unción de enfermos.
- Relación entre os diversos sacramentos e a vida humana.
- O ano litúrxico.

PROCEDEMENTOS

- Analizar a estrutura interna e os elementos que interveñen en toda celebración humana e relixiosa.
- Recoñecer e distinguir as distintas partes do ano litúrxico.
- Buscar o significado de palabras clave aparecidas na unidade.
- Recoller información sobre celebracións culturais, políticas, sociais ou familiares do ámbito.
- Aplicar un procedemento para analizar cada sacramento.
- Coñecer e apreciar o patrimonio relixioso de España na súa dimensión celebrante.
- Buscar, ler, explicar e clasificar algúns textos bíblicos relacionados coa celebración cristiá da fe e, de xeito particular, cos sacramentos.
- Extraer e interpretar a mensaxe dalgunhas viñetas e relacionar o que din cos contidos estudados.

ACTITUDES

- Convencemento da necesidade das celebracións na vida das persoas e na súa experiencia relixiosa.
- Interese por coñecer os elementos de toda celebración, en especial aquelas que lles son máis próximas social e afectivamente aos alumnos e alumnas.
- Apreciar o valor da liturxia na vida da Igrexa primitiva e na actualidade.
- Comprender o valor central da eucaristía como signo da entrega de Xesús, do amor cristián e da vida comunitaria.
- Actitude de reflexión para realizar as propostas de traballo que se propoñen.

UNIDADE 8. SER UN MESMO

CONCEPTOS

- Que son os medios de comunicación social (MCS).
- A Igrexa ante os MCS.
- Liberdade de expresión e manipulación.
- Publicidade, conduta e consumo.
- Vivir na verdade ao estilo de Xesús.
- Actitudes fundamentais dunha vida fundada na verdade: sinceridade, autenticidade e honestidade.
- Actitudes que non se axustan á verdade.

PROCEDEMENTOS

- Lectura de textos sobre os MCS.
- Comentario e reflexión sobre as imaxes que acompañan os contidos da unidade.
- Analizar viñetas e cómics, e ser capaces de explicar de forma sinxela a mensaxe do autor e de sacar as propias conclusións.
- Recapacitar sobre a influencia que a publicidade e os medios teñen sobre a vida das persoas.
- Saber explicar correctamente os conceptos clave da unidade.

ACTITUDES

- Interese por afondar no tema de estudo desta unidade.
- Reflexión ante a influencia que os MCS teñen sobre a vida das persoas.
- Reflexionar sobre o tema da liberdade de expresión e da manipulación.
- Apertura á formulación de preguntas profundas sobre a verdade dun mesmo.
- Admiración cara ás persoas que son auténticas co seu proxecto de vida e coherentes coas súas opcións.
- Valorar a importancia de ser un mesmo.

UNIDADE 9. Comprometidos co mundo

CONCEPTOS

- A fame, a pobreza, a violencia, a guerra, a marxinação e a degradación do medio: situacións e datos que fan pensar.
- Xesús e o mandamento do amor.
- Os cristiáns, chamados a construír o reino.
- Diversas formas de vivir comprometidos co amor.
- Organizacións católicas que traballan pola xustiza e pola solidariedade.
- Colaboración dos cristiáns con outras relixións e institucións na construción dun mundo mellor.
- Signos do compromiso cristián no noso tempo.

PROCEDEMENTOS

- Ler relatos curtos (textos doutriniais, bíblicos, literarios e testemuñais), para extraer deles a mensaxe central dos seus creadores e contrastalo co estudado na unidade.
- Coñecer novas e realidades deste mundo ferido.
- Contemplan diversas viñetas e analizar o seu contido simbólico e textual.
- Localizar nun mapamundi as zonas nas que se advirten con máis forza as feridas do noso mundo.
- Analizar diferentes datos sobre a pobreza, a fame, a violencia, a marxinação, a deterioración do medio etc.
- Preguntarse pola forma de construír un mundo mellor.
- Analizar diversas situacións sociais e as respostas que obteñen por parte das organizacións católicas, así como o compromiso dalgúns cristiáns relevantes.
- Aplicar as ensinanzas do evanxeo e da tradición cristiá na busca dun mundo mellor.

ACTITUDES

- Interese pola situación que viven a diario millóns de persoas, vítimas da inxustiza, da violencia e da pobreza.
- Valor da solidariedade internacional e do compromiso cristián na procura de solucións.
- Esperanza en que xuntos podemos transformar e sandar este mundo ferido.
- Actitude de apertura e espírito crítico ante a realidade que nos rodea.
- Hábito de informarse pola situación das feridas que ten o noso mundo e das persoas que máis as sofren.
- Interese por coñecer algunhas solucións aos problemas do mundo formuladas por cristiáns comprometidos.
- Admiración cara ás persoas, tanto cristiás coma doutras relixións, comprometidas por mellorar o mundo.
- Sensibilidade cara á especial situación da muller como vítima da violencia e da pobreza.

UNIDADE 10. UN MUNDO NOVO

CONCEPTOS

- O tempo, un aspecto connatural ao ser humano.
- Tempo circular e tempo lineal: Xesús marca un antes e un despois.
- O reino de Deus, don e tarefa, presente e futuro.
- En Xesús cúmprense as promesas de Deus e as esperanzas do pobo ao vencer a morte.
- A segunda vinda de Cristo, o final da historia e o xuízo final.
- A liberación definitiva: unha festa para compartir na que xa non haberá morte nin dor.
- Deus promete un ceo novo e unha terra nova.
- Os cristiáns responsables ante o futuro.
- Construír un mundo novo: unha tarefa de cada día.

PROCEDEMENTOS

- Interrogarse sobre o misterio da morte e o máis alá.
- Formular as dúbidas e preguntas sobre as actitudes ante a fin do mundo.
- Recoñecer e distinguir algunhas das afirmacións da escatoloxía no Novo Testamento, en especial nos evanxeos.
- Ler e analizar algunhas viñetas.
- Interrogarse sobre o mundo que Deus prepara ao final da historia.
- Ler, interpretar e explicar textos bíblicos, xornalísticos e literarios.
- Contemplan cadros con contido relixioso da pintura universal, relacionándoos coas escenas bíblicas que conteñen ou cos valores que intentan transmitir.
- Ler e subliñar as ideas principais de varios textos do maxisterio da Igrexa sobre o final dos tempos.

ACTITUDES

- Actitude de tolerancia ante outras formas de concibir a morte e o máis alá que se dan noutras persoas, en diferentes culturas e relixións.

- Actitude de esperanza ante o concepto da fin do mundo.
- Espírito crítico ante datos alarmantes e mensaxes que inducen ao temor ou a actitudes sectarias.
- Interese por darlles resposta ás cuestións da morte e do máis alá.
- Amosar disciplina e orde ante as tarefas que se propoñen.
- Respecto polas opinións doutros compañeiros.
- Convencemento da importancia deste tema na fe cristiá.
- Actitude de esperanza ante o concepto da fin do mundo.
- Interese por coñecer o que a tradición cristiá di sobre este tema.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

► CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CURRÍCULO OFICIAL DA CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA PARA 2.º ESO

1. Detectar os principais elementos que constitúen o fenómeno relixioso e a súa expresión concreta no cristianismo.
2. Describir o sentido da vida que ofrece a experiencia relixiosa nas grandes relixións.
3. Razoar a responsabilidade persoal que leva consigo o pecado como dano contra si mesmo, contra os demais e como separación de Deus.
4. Explicar o sentido da fe cristiá como identificación con Xesucristo e a súa realización plena na vida eterna.
5. Saber utilizar a mensaxe dalgúns textos e acontecementos bíblicos para comprobar as manifestacións de Deus e razoar que Xesucristo é verdadeiro Deus e verdadeiro home.
6. Saber interpretar a morte e resurrección de Xesucristo como fonte de amor, perdón, esperanza e novo nacemento para os fillos de Deus.
7. Especificar signos concretos da presenza e acción de Deus na vida da Igrexa.
8. Explicar as razóns polas que o cristián ama e celebra o amor de Deus como raíz da súa filiación.
9. Saber establecer relacións entre a vida humana e os sacramentos do bautismo, a reconciliación, a eucaristía e a unción dos enfermos.
10. Sinalar na liturxia a relación de Deus cos seus fillos e a resposta destes.
11. Saber identificar nalgúns actitudes e situacións concretas os feitos que van contra a verdade.
12. Ilustrar con exemplos as accións sociais que a Igrexa realiza mediante as súas institucións.
13. Explicar por que, segundo a fe cristiá, o Reino de Deus alcanzará a súa plenitude nun mundo novo, recreado por Deus.

► RELACIÓN ENTRE OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CURRÍCULO OFICIAL DA CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA E OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROXECTO CURRICULAR DE EDICIÓNS SM/PPC PARA 2.º ESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CURRÍCULO OFICIAL	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROXECTO CURRICULAR
<p>1. Detectar os principais elementos que constitúen o fenómeno relixioso e a súa expresión concreta no cristianismo.</p> <p>2. Describir o sentido da vida que ofrece a experiencia relixiosa nas grandes relixións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Definir correctamente que é a interioridade. • Enumerar e explicar cales son os elementos da interioridade. • Saber explicar que significa que "Deus é unha realidade que non se ve". • Coñecer e expoñer de modo coherente como viviu Xesús a súa interioridade. • Analizar con criterio o equilibrio ou a ausencia deste entre interioridade e exterioridade na sociedade actual a partir de textos xornalísticos e de maxisterio. • Definir que é a relixión e saber cales son os seus elementos comúns. • Explicar os aspectos que fan que o fenómeno relixioso sexa un fenómeno complexo. • Enumerar e coñecer o que significan as diferentes

<p>3. Razoar a responsabilidade persoal que leva consigo o pecado como dano contra si mesmo, contra os demais e como separación de Deus.</p> <p>4. Explicar o sentido da fe cristiá como identificación con Xesucristo e a súa realización plena na vida eterna.</p> <p>5. Saber empregar a mensaxe dalgúns textos e acontecementos bíblicos para comprobar as manifestacións de Deus, e razoar que Xesucristo é verdadeiro Deus e verdadeiro home.</p> <p>6. Saber interpretar a morte e a resurrección de Xesucristo como fonte de amor, perdón, esperanza e nacemento novo para os fillos de Deus.</p> <p>7. Especificar signos concretos da presenza e da acción de Deus na vida da Igrexa.</p>	<p>expresións e manifestacións da experiencia relixiosa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Saber relacionar a relixión co sentido da vida. • Definir "maxia", "superstición", "idolatría" e "ciencias ocultas" no marco das manifestacións pseudorrelixiosas. • Saber explicar en que consiste a diversidade relixiosa e o diálogo interrelixioso. • Definir correctamente os termos "salvación", "pecado" e "graza". • Saber enumerar e explicar os principais encontros fracasados dos homes con Deus narrados na Biblia. • Explicar correctamente o significado dos diferentes artigos do credo referentes a Xesucristo. • Coñecer o significado de expresións como "Xesús, distinto do Pai", "Deus fíxose home en Xesús", "morreu por nós" e "resucitou para a nosa salvación". • Saber explicar o papel de María nos principais momentos da vida do seu fillo Xesús. • Saber explicar coas propias palabras e expresións que significa que a Igrexa prosegue, ao longo da historia e na actualidade, a obra de Xesús.
---	--

<p>5. Saber empregar a mensaxe dalgúns textos e acontecementos bíblicos para comprobar as manifestacións de Deus, e razoar que Xesucristo é verdadeiro Deus e verdadeiro home.</p> <p>6. Saber interpretar a morte e a resurrección de Xesucristo como fonte de amor, perdón, esperanza e nacemento novo para os fillos de Deus.</p> <p>7. Especificar signos concretos da</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o significado de Pentecoste. • Enumerar e explicar correctamente as principais características da primeira Igrexa. • Coñecer as imaxes coas que se describe a Igrexa. • Explicar que significa que a Igrexa se organiza para o servizo. • Definir os termos: "carismas", "laicos", "xerarquía" e "relixiosos" relacionados coa Igrexa. • Coñecer e saber explicar a misión da Igrexa na actualidade. • Saber explicar a que chamamos "historia da salvación". • Identificar as principais etapas da historia da salvación. • Coñecer os protagonistas da historia da salvación e o seu papel na época na que viviron. • Coñecer e enumerar as causas da morte de Xesús e o significado que lle deron á devandita morte os primeiros cristiáns. • Sintetizar de xeito persoal que significa que Xesús é a nosa salvación. • Definir que é, como é, en quen
--	--

<p>presenza e da acción de Deus na vida da Igrexa.</p> <p>8. Explicar as razóns polas que o cristián ama e celebra o amor de Deus como raíz da súa filiación.</p> <p>9. Saber establecer relacións entre a vida humana e os sacramentos do bautismo, a reconciliación, a eucaristía e a unción dos enfermos.</p> <p>10. Sinalar na liturxia a relación de Deus cos seus fillos e a resposta destes.</p>	<p>se apoia, onde se vive e como se expresa o seguimento de Xesús.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Saber que características definen o estilo de vida que nace do seguimento de Xesús. • Saber explicar que significa que a lectura do Novo Testamento, a integración nunha comunidade cristiá, o testemuño persoal doutros cristiáns e a vida interior son medios importantes para que se produza o encontro con Xesús. • Definir correctamente que significa: a graza, ser santo e estar chamado á santidad. • Coñecer o significado dos tres primeiros mandamentos que están na base da vida do seguidor de Xesús. • Describir a orixe e sentido dos sacramentos como don de Deus que obra a través da Igrexa. • Definir con precisión o significado das seguintes palabras: <i>liturxia, celebración, sacramento, eucaristía, bautismo e reconciliación.</i> • Coñecer o significado dalgúns símbolos e signos que se dan nas celebracións litúrxicas cristiás. • Clasificar as principais festas do calendario cristián nun
---	---

<p>11. Saber identificar nalgunhas actitudes e situacións concretas os feitos que van contra a verdade.</p>	<p>calendario anual.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entender e saber explicar en que consisten os sacramentos do bautismo, a eucaristía, a reconciliación e a unción dos enfermos: rito, persoas, misión que confire etc. • Identificar e distinguir o valor expresivo dos sacramentos para comprender o seu sentido na vida da Igrexa.
<p>12. Ilustrar con exemplos as accións sociais que a Igrexa realiza mediante as súas institucións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar que son os MCS e que relación teñen coa tarefa de ser un mesmo. • Coñecer cal é a valoración que fai a Igrexa dos MCS. • Saber diferenciar correctamente entre "liberdade de expresión" e "manipulación". • Realizar unha xusta valoración das técnicas publicitarias. • Explicar que significa o convite de Xesús a vivir na verdade. • Saber definir os trazos fundamentais dunha persoa sincera, unha persoa auténtica e unha persoa honesta. • Enumerar e explicar cales son as actitudes que non se axustan á verdade. • Enumerar os problemas (feridas) máis incitantes da humanidade. • Saber localizar algúns dos

13. Explicar por que, segundo a fe cristiá, o reino de Deus alcanzará a súa plenitude nun mundo novo, recreado por Deus.

conflictos máis importantes do mundo na actualidade, dando razón das causas que os provocan.

- Coñecer en que consiste o convite de Xesús a amar.
- Saber explicar que significa construír o reino e que actitudes sosteñen dita construción.
- Saber dar razón do valor do compromiso cristián no mundo para suscitar actitudes responsables e solidarias en ben dos demais.
- Enumerar algunhas das ONGs estudadas, dando razón dos seus fins e accións.
- Saber diferenciar as distintas concepcións temporais: tempo circular e tempo lineal.
- Dar razón da esperanza que anima os cristiáns ante a idea da fin do mundo.
- Explicar que di Xesús sobre o reino, un reino presente e tamén futuro.
- Explicar correctamente a actitude da esperanza cristiá e descubrir o seu sentido activo e non resignado, e o compromiso persoal e social que entraña a súa vivencia.
- Saber explicar que significa "un ceo novo e unha terra nova" e que responsabilidade teñen os cristiáns na súa construción.
- Explicar o significado

	<p>dalgunhas palabras ou expresións clave: <i>morte, resurrección, esperanza, vida eterna, ceo, inferno, segunda vinda.</i></p>
--	---

► CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS DO LIBRO EMAÚS 2. ° ESO DE EDICIÓNS SM/PPC

UNIDADE 1. O MUNDO QUE NON SE VE

1. Definir correctamente que é a interioridade.
2. Enumerar e explicar cales son os elementos da interioridade.
3. Saber explicar que significa que "Deus é unha realidade que non se ve".
4. Coñecer e expoñer de modo coherente como viviu Xesús a súa interioridade.
5. Analizar con criterio o equilibrio ou a ausencia deste na sociedade actual a partir de textos xornalísticos e de maxisterio.

UNIDADE 2. A RELIXIÓN, QUE É E PARA QUE SERVE

1. Definir que é a relixión e saber cales son os seus elementos comúns.
2. Explicar os aspectos que fan que o fenómeno relixioso sexa un fenómeno complexo.
3. Enumerar e coñecer o que significan as diferentes expresións e manifestacións da experiencia relixiosa.
4. Saber relacionar a relixión co sentido da vida.
5. Definir "maxia", "superstición", "idolatría" e "ciencias ocultas" no marco das manifestacións pseudorelixiosas.
6. Saber explicar en que consiste a diversidade relixiosa e o diálogo interrelixioso.

UNIDADE 3. UNHA HISTORIA DE SALVACIÓN

1. Saber explicar a que chamamos "historia da salvación".
2. Identificar as principais etapas da historia da salvación.
3. Coñecer os protagonistas da historia da salvación e o seu papel na época na que viviron.
4. Definir correctamente os termos "salvación", "pecado" e "graza".
5. Saber enumerar e explicar os principais encontros fracasados dos homes con Deus narrados na Biblia.

UNIDADE 4. XESÚS, O NOSO SALVADOR

1. Explicar correctamente o significado dos diferentes artigos do credo referentes a Xesucristo.
2. Coñecer o significado de expresións como "Xesús, distinto do Pai", "Deus fíxose home en Xesús", "morreu por nós" e "resucitou para a nosa salvación".
3. Saber explicar o papel de María nos principais momentos da vida do seu fillo Xesús.
4. Coñecer e enumerar as causas da morte de Xesús e o significado que á devandita morte lle deron os primeiros cristiáns.
5. Sintetizar de xeito persoal que significa que Xesús é a nosa salvación.

UNIDADE 5. SEGUIR A XESÚS

1. Definir que é, como é, en quen se apoia, onde se vive e como se expresa o seguimento de Xesús.
2. Saber que características definen o estilo de vida que nace do seguimento de Xesús.
3. Saber explicar que significa que a lectura do Novo Testamento, a integración nunha comunidade cristiá, o testemuño persoal doutros cristiáns e a vida interior son medios importantes para que se produza o encontro con Xesús.
4. Definir correctamente que significa: a graza, ser santo e estar chamado á santidad.
5. Coñecer o significado dos tres primeiros mandamentos que están na base da vida do seguidor de Xesús.

UNIDADE 6. A IGREXA CONTINÚA A OBRA DE XESÚS

1. Saber explicar coas propias palabras e expresións que significa que a Igrexa continúa, ao longo da historia e na actualidade, a obra de Xesús.
2. Coñecer o significado de Pentecoste.
3. Enumerar e explicar correctamente as principais características da primeira Igrexa.
4. Coñecer as imaxes coas que se describe a Igrexa.
5. Explicar que significa que a Igrexa se organiza para o servizo.

6. Definir os termos: "carismas", "laicos", "xerarquía" e "relixiosos" relacionados coa Igrexa.
7. Coñecer e saber explicar a misión da Igrexa na actualidade.

UNIDADE 7. ORAR E CELEBRAR

1. Describir a orixe e sentido dos sacramentos como don de Deus que obra a través da Igrexa.
2. Definir con precisión o significado das seguintes palabras: *liturxia, celebración, sacramento, eucaristía, bautismo e reconciliación*.
3. Coñecer o significado dalgúns símbolos e signos que se dan nas celebracións litúrxicas cristiás.
4. Clasificar as principais festas do calendario cristián nun calendario anual.
5. Entender e saber explicar en que consisten os sacramentos do bautismo, a eucaristía, a reconciliación e a unción dos enfermos: rito, persoas, misión que confire etc.
6. Identificar e distinguir o valor expresivo dos sacramentos para comprender o seu sentido na vida da Igrexa.

UNIDADE 8. SER UN MESMO

4.5-Opinión da Igrexa.

4.6-Traballamos co cine.

***OBXECTIVOS XERAIS**

-Adquirir un panorama das claves fundamentais da vida das que, en grande medida, depende a felicidade individual e a relación cos demais, desde a perspectiva da vida coma un agasallo persoal que ninguén nos pode arrebatarse.

-Captar a importancia do “proxecto persoal de vida” como instrumento para encauzar a propia vida e comprender as implicacións da proposta cristiá nese proxecto.

-Elaborar unha axeitada comprensión do que significa “ser persoa” a partir das dúas vertentes fundamentais da experiencia humana: a interioridade e o encontro físico cos demais e co mundo.

-Analizar posibles erros na orientación da vida da persoa que pode provocar nela danos, moitas veces irreversibles e irreparables.

***CONTIDOS**

***CONCEPTUAIS**

-A sexualidade como elemento constitutivo da persoa e manifestación de amor entre o home e a muller. Necesidade de integrar a sexualidade no proxecto de vida.

-Toma de conciencia dos propios criterios e xeitos de pensar e de comportarse. Valor da sexualidade e da súa integración na persoa humana en relación ó amor.

-A persoa coma ser individual único e valioso, fronte á concepción que a cosifica.

***PROCEDIMENTAIS**

-Analizar, comparar e valorar as diversas concepcións éticas que predominaron nas antigas sociedades, e as que se sosteñen na sociedade actual con respecto ó aborto.

-Seleccionar e organizar información sobre feitos e condutas relacionados con esta problemática ético-social.

***ACTITUDINAIS**

- Valor dunha ética persoal e social como camiño de realización tanto persoal coma de convivencia social pacífica, sen perder nunca a propia identidade fronte as modas.
- Valor, crítica e razoamento da expresión “a sociedade do todo vale”.

***CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1-Detectar cómo o sentido da vida leva a moitas persoas a preguntarse polo misterio da vida e a comprender que Dios, na persoa de Xesucristo, deu sentido á vida das persoas.
- 2-Tomar conciencia da dimensión sexual da vida humana e comprender a visión cristiá sobre a mesma.
- 3-Participar en debates sobre temas relacionados co tratado neste bloque temático, confrontando as opinións propias coas de outros e cos principios da relixión e da moral católica.
- 4-Coñecer as leis que regulan este tema no noso país.

***TEMAS TRANSVERSAIS**

- Educación moral e cívica.
- Educación para a saúde
- Educación en valores.
- Educación para a diversidade.
- Educación do consumidor.
- Educación para a convivencia e a tolerancia.
- Educación para a xustiza.

UNIDADE 5

-DESENVOLVEMENTO DOS PRINCIPALES DEREITOS CIVILES DE PRIMEIRA XERACIÓN:

O XENOMA HUMANO E A CLONACIÓN

- 5.1-Artigos que o enuncian.
- 5.2-Traballamos coa prensa escrita.
- 5.3- Traballamos con textos.
- 5.4-Razons a favor e en contra.
- 5.5-Opinión da Igrexa.
- 5.6-Traballamos co cine.

***OBXECTIVOS XERAIS**

- Adquirir un panorama das claves fundamentais da vida das que, en grande medida, depende a felicidade individual e a relación cos demais, desde a perspectiva da vida coma un agasallo persoal que ninguén nos pode arrebatarnos.
- Captar a importancia do “proxecto persoal de vida” como instrumento para encauzar a propia vida e comprender as implicacións da proposta cristiá neste proxecto.
- Elaborar unha axeitada comprensión do que significa “ser persoa” a partir das dúas vertentes fundamentais da experiencia humana: a interioridade e o encontro físico cos demais e co mundo.
- Analizar e comprender o feito de que somos seres valiosos, únicos e irrepitibles no senso de persoa integral física, mental e espiritualmente.
- Coñecer e analizar os diferentes intentos de xogar a ser deuses ca manipulación física das persoas ó longo da Historia, así coma os intereses polo que se tentaron ou se levaron a cabo esas manipulacións.

***CONTIDOS**

***CONCEPTUAIS**

- A persoa ser único físico e trascendente cun proxecto de vida persoal.
- Toma de conciencia dos propios criterios e xeitos de pensar e de comportarse fronte a este tema.
- A persoa individual e integral fronte á concepción que a cosifica.

***PROCEDIMENTAIS**

- Analizar, comparar e valorar as diversas concepcións éticas que predominaron nas antigas sociedades, e as que se sosteñen na sociedade actual con respecto á manipulación xenética.
- Seleccionar e organizar información sobre feitos e condutas relacionados con esta polémica ético-social.

***ACTITUDINAIS**

- Valor dunha ética persoal e social como camiño de realización tanto persoal coma de convivencia social pacífica, sen perder nunca a propia identidade fronte as modas.
- Valor, crítica e razoamento das diferentes concepcións de persoa ó longo da Historia.

***CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1-Detectar cómo o sentido da vida leva a moitas persoas a preguntarse polo misterio da vida e a comprender que Dios, na persoa de Xesucristo, deu sentido e valor á vida das persoas.
- 2-Tomar conciencia da dimensión cristiá de “persoa” e da “vida humana” e comprender a visión cristiá sobre a mesma.
- 3-Participar en debates sobre temas relacionados co tratado neste bloque temático, confrontando as opinións propias coas de outros e cos principios da relixión e da moral católica.
- 4-Coñecer as leis que regulan este tema no noso país.

***TEMAS TRANSVERSAIS**

- Educación moral e cívica.
- Educación para a saúde
- Educación en valores.
- Educación para a diversidade.
- Educación do consumidor.
- Educación para a convivencia e a tolerancia.
- Educación para a xustiza.

UNIDADE 6

-DESENVOLVEMENTO DOS PRINCIPALES DEREITOS CIVILES DE PRIMEIRA XERACIÓN:

DEREITO A SEGURIDADE E INTEGRIDADE FÍSICA

- 6.1-Artigos que o enuncian.
- 6.2-Traballamos coa prensa escrita.
- 6.3- Traballamos con textos.
- 6.4-Razons a favor e en contra.
- 6.5-Opinión da Igrexa.
- 6.6-Traballamos co cine.

***OBXECTIVOS XERAIS**

***CONTIDOS**

***CONCEPTUAIS**

- Concepto de Paz e de convivencia pacífica entre as persoas e os pobos.
- Concepto de Tolerancia.

-Toma de conciencia dos propios criterios e xeitos de pensar e de comportarse fronte a este tema.

-A orixe do Día da Paz.

***PROCEDIMENTAIS**

-Descubrir a fundamentación humana e evanxélica da construción da paz.

-Investigar e analizar as diferentes manifestacións da violencia ó longo da Historia:a excravitude,os diferentes conflitos bélicos,a violencia de xénero,a explotación infantil,etc.

-Analizar,comparar e valorar as diversas concepcions éticas que predominaron nas antigas sociedades,e as que se sosteñen na sociedade actual con respecto á manipulación xenética.

-Seleccionar e organizar información sobre feitos e conductas relacionados con esta polémica ético-social.

***ACTITUDINAIS**

-Valor dunha ética persoal e social como camiño de realización tanto persoal coma de convivencia social pacífica.

-Valor, razoamento e visión crítica dos diferentes tipos de violencia contra as persoas na nosa sociedade,sexa individual ou colectiva.

***CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

-Analizar diferentes situacións conflictivas,vendo contra que dereitos fundamentais da persona atenta.

-Participar en debates sobre temas relacionados co tratado neste bloque temático,confrontando as opinións propias coas de outros e cos principios da relixión e da moral católica.

***TEMAS TRANSVERSAIS**

-Educación moral e cívica.

-Educación para a saúde

-Educación para a diversidade.

-Educación para a Paz.

-Educación do consumidor.

-Educación para a tolerancia.

- Educación en valores.

-Educación para a igualdade.

-Educación para a xustiza.

-Educación para a tolerancia

UNIDADE 7

-DESENVOLVEMENTO DOS PRINCIPALES DEREITOS CIVILES DE PRIMEIRA XERACIÓN:

DEREITO A IGUALDADE: Home/muller, Norte/Sur...etc.

- 7.1-Artigos que o enuncian.
- 7.2-Traballamos coa prensa escrita.
- 7.3- Traballamos con textos.
- 7.4-Razons a favor e en contra.
- 7.5-Opinión da Igrexa.
- 7.6-Traballamos co cine.

***OBXECTIVOS XERAIS**

***CONTIDOS**

***CONCEPTUAIS**

- Fundamentación humana e evanxélica da igualdade entre as persoas e os pobos.
- Concepto de Paz e de convivencia pacífica entre as persoas e os pobos.
- Concepto de Tolerancia.
- A violencia de Xénero na nosa sociedade.
- Toma de conciencia dos propios criterios e xeitos de pensar e de comportarse fronte a este tema.

***PROCEDIMENTAIS**

- Descubrir a fundamentación humana e evanxélica da igualdade persoal.
- Investigar e analizar as diferentes manifestacións das desigualdades ó longo da Historia:a exravitude,as diferencias Norte/Sur,a violencia de xénero ,etc.
- Analizar,comparar e valorar as diversas concepcions éticas que predominaron na sociedade actual con respecto a este tema.
- Seleccionar e organizar información sobre feitos e conductas relacionados con esta polémica ético-social.

***ACTITUDINAIS**

- Valor dunha ética persoal e social como camiño de axuda á consecución da igualdade mundial.

-Valor, razoamento e visión crítica dos diferentes tipos de desigualdades na nosa sociedade, sexa individual ou colectiva, e os xeitos para acabar con elas.

***CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1-Analizar diferentes situacións de desigualdade, vendo contra que dereitos fundamentais da persoa atenta.

2-Tomar conciencia, mediante a observación da realidade e o uso dos medios de comunicación, do inxusto orden social imperante hoxe na sociedade e valoralo á luz dos criterios morais cristiáns, para desde plantexamentos de fe, comprometerse na mellora das estruturas sociais.

3-Participar en debates sobre temas relacionados co tratado neste bloque temático, confrontando as opinións propias coas de outros e cos principios da relixión e da moral católica.

***TEMAS TRANSVERSAIS**

-Educación moral e cívica.

-Educación para a saúde

-Educación para a diversidade.

-Educación para a Paz.

-Educación do consumidor.

-Educación para a tolerancia.

- Educación en valores.

-Educación para a xustiza.

-Educación para a tolerancia

- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos, os cidadáns das diferentes partes do mundo, etc.

-Educación medioambiental.

UNIDADE 8

O CAMIÑO DE SANTIAGO E A CATEDRAL DE SANTIAGO.

8.1-Artigos que o enuncian.

8.2-Traballamos coa prensa escrita.

8.3- Traballamos con textos.

8.4-Razons a favor e en contra.

8.5-Opinión da Igrexa.

8.6-Traballamos co cine.

***OBXECTIVOS XERAIS**

- Coñecer as composicións artísticas de contido cristiá máis significativas da cultura de occidente e da nosa cultura máis próxima e desenvolver a sensibilidade artística e relixiosa ante a contemplación e o estudo de obras de arte de contido relixioso relacionadas co Camiño de Santiago.
- Saber interpretar os diferentes xeitos que ten a arte de presentar o relixioso, e descubrir a mensaxe relixiosa no arte ó longo dos diferentes Camiños de Santiago.
- Valorar a importancia que a arte cristiá tivo na formación do patrimonio cultural da humanidade en xeral, e no noso país en particular.
- Comprender a importancia que tiveron os distintos Camiños de Santiago para a expansión do cristianismo por occidente.

***CONTIDOS**

***CONCEPTUAIS**

- O persoeiro principal do Camiño: Santiago o Maior.
- Expresións artísticas con marcado sentido relixioso.
- Os diferentes persoaxes que circulaban polo Camiño.
- Senso de: peregrino, peregrinación, Ano Santo e Ano Xubilar.
- As artes plásticas e o sentido trascendente da vida ó longo do camiño:
 - O sentido trascendente da vida na literatura do Camiño.
 - O sentido trascendente da vida na música do Camiño.
 - O sentido trascendente da vida na escultura e arquitectura do Camiño, centrándonos na Catedral de Santiago de Compostela.
- A concepción que os artistas dos diferentes momentos da historia tiveron sobre Santiago Apóstol e sobre a cidade de Santiago de Compostela, e como plasmaron esa imaxe nas súas obras.
- María e o Camiño de Santiago.

***PROCEDIMENTAIS**

- Obter información e seleccionar obras de arte que permitan facer unha análise do sentido relixioso da peregrinación na arte.
- Analizar obras de arte para apreciar nelas o sentido trascendente da vida.
- Construír un esquema básico dos principais camiños a Santiago e a súa repercusión para a historia e para as crenzas cristiás.

***ACTITUDINAIS**

- Suscitar interese pola arte e polo sentido relixioso que contén.

-Valor da arte como medio para expresar a dimensión espiritual da persoa e do seu senso de peregrinación..

***CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1-Detectar, mediante a análise e a contemplación de obras artísticas, a dimensión espiritual da arte do Camiño.

2-Explicar as relacións que se deron ó longo da historia entre as expresións artísticas e a relixión cristiá.

3- Situar no tempo os diferentes persoaxes protagonistas da orixe e continuidade do Camiño de Santiago.

4- Situar no tempo as diferentes obras artísticas do Camiño e analizar como nesa época a arte influíu no relixioso, e o relixioso influíu no arte.

5-Identificar qué características de Xesús, de María e de Santiago o Maior, plasmaron os artistas de tódos os tempos nas diferentes expresións artísticas sobre as súas persoas ó longo do Camiño.

6-Analise dos diferentes pasaxes bíblicos que falan de Santiago o Maior e dos seus feitos.

***TEMAS TRANSVERSAIS**

-Educación artística.

-Educación moral e cívica.

-Educación para a saúde

-Educación para a diversidade.

-Educación para a Paz.

-Educación do consumidor.

-Educación para a tolerancia.

-Educación para a convivencia e a tolerancia.

- Educación en valores.

-Educación medioambiental.

-Educación vial.

-Educación musical.

7.4.CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º BACHARELATO

- 1) Describir as grandes respostas que se deron á cuestións sobre a liberdade e os Dereitos Humanos ó longo da Historia e saber recoñecer esos diferentes tipos de resposta nalgunhas conductas actuais.
- 2) Coñecer o Sentido de liberdade que propuxeron algúns dos pensadores máis representativos dos séculos XIX e XX.
- 3) Situar o fenómeno relixioso como un dos elementos específicos da resposta á cuestións como:a xustiza,a liberdade,a defensa da vida,a igualdade,etc.
- 4) Captar a especificidade da relixión cristiá no contexto das demais relixións e comprender a estrutura propia da fe cristiá e as súas consecuencias na vida das persoas que a aceptan.
- 5) Detectar cómo o Sentido da vida leva a moitas persoas a preguntarse polo misterio da vida e a comprender que Deus,na persoa de Xesucristo,deu sentido á vida das persoas.
- 6) Describir a realidade social,política e económica do entorno,mediante a observación e o análise da realidade,e detectar os problemas que plantexa respecto os dereitos humás fundamentais, para valoralos desde os principios fundamentais da Doctrina Social da Igrexa.
- 7) Tomar conciencia,mediante a observación da realidade e o uso dos medios de comunicación,do inxusto orde social imperante hoxe na sociedade ,e valoralo á luz dos criterios morais cristiáns para,desde plantexamentos de fe,comprometerse na mellora das estruturas sociais.
- 8) Participar en debates sobre temas de actualidade relacionados coas realidades económicas,sociais e políticas,confrontando as opinións persoais coas de outras persoas e esencialmente,cos evanxeos e documentos da Igrexa.
- 9) Facer un esquema comprensivo básico do funcionamento do acto moral e,por tanto,da dimensión moral da nosa existencia.

- 10) Analizar como inflúe a fe cristiá na dimensión da existencia humana.
- 11) Establecer, a partir da vida de Xesús, os valores fundamentais da moral cristiá.
- 12) Tomar conciencia da dimensión sexual da vida humana e comprender a visión cristiá sobre a mesma.
- 13) Explicar as relacións que se diron ó longo da historia entre a arte e a relixión cristiá no Camiño de Santiago.
- 14) Situar no tempo as diferentes obras artísticas relacionadas cas peregrinaxes e analizar cómo influíu esa época nunha determinada concepción posterior do relixioso.
- 15) Detectar, mediante a contemplación de obras de arte e a análise de textos sobre as mesmas, a expresión do sentido relixioso presente no Camiño.
- 16) Identificar que características de María, de Xesús e de Santiago o Maior plasmaron os artistas de todos os tempos nas diferentes expresións artísticas sobre as súas persoas.
- 17) Describir, mediante a análise de obras de arte, os diferentes pasaxes bíblicos da vida de Santiago Apóstol.

8. ANEXO

8.1- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Se ben hai previstas unhas actividades extraescolares enfocadas

a)-ó primeiro ciclo de secundaria:

-Visita ó Museo de Pontevedra para que os alumnos/as poidan aplicar “in situ” os coñecementos adquiridos sobre os obxectos de culto, pintura e escultura de carácter relixioso.

-A participación en Talleres de Comercio Xusto na Tenda de Productos de Comercio Xusto de Pontevedra.

b)-ó bacharelato:

-Visita a edificios relixiosos da cidade de Pontevedra (A igrexa da Peregrina, a basílica de Sta. María...), para aplicar os coñecementos que os alumnos/as adquiriron sobre simboloxía relixiosa no eido da arte sacra..

-Visita a Santiago de Compostela , para coñecer máis de cerca o mundo da peregrinaxe (principais portas de entrada dos peregrinos á cidade, costumes dos romeiros, puntos de acollida e asilo ...), facendo un percorrido guiado polo interior e os tellados da Catedral,visitando tamén o Museo das peregrinacións e o de Terra Santa.

Desde o **Departamento non se descartan outras posibles saídas ou participacions noutros programas que xurdan o longo do curso e redunden nun beneficio para os nosos alumnos/as,** como a colaboración con ONXS (Mans Unidas, Solidariedade Internacional...) coas que levamos facendo un fructífero traballo conxunto desde hai varios anos, **ou a colaboración , participación , implicación persoal e total dispoñibilidade nas actividades propostas polo Centro:** saídas, conferencias, obras de teatro, festivais musicáis, cursiños, obradoiros e demais proxectos do Centro.

8.2- INTERDISCIPLINARIDADE E APLICACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Relación cos contidos comúns / transversais

O presente documento mostra integrados os contidos comúns-transversais nos obxectivos, nas competencias específicas, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación. Deste xeito, entendemos que o fomento da lectura, o impulso á expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores, son obxectos de ensino-aprendizaxe a cuxo impulso deberemos contribuír.

Constitúen exemplos diso os seguintes:

- Utilización das novas tecnoloxías para o tratamento da información.
- Interese pola lectura de todo tipo de publicacións que acheguen á realidade global na que vivimos.
- Estimulación do gusto pola lectura, a reflexión e o comentario de textos literarios e eclesiásticos de diferentes épocas, posicionamentos e autores.
- Actitude de procura de canles comunicativas, creativas e persoais.
- Respecto polas normas básicas que significan o feito relixioso.
- Valoración da relixión como elemento sociocultural e como vehículo de transmisión e creación cultural.
- Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade, mostrando especial sensibilidade cara aos que supoñen unha discriminación social, sexual, racial etc., e cara a aqueles que destacan o importante papel que a relixión xoga nas sociedades e na cultura.
- Sensibilidade estética ante as producións artísticas, propias e alleas, arredor do tema relixioso, valorando os elementos creativos e innovadores.

En canto a **INTERDISCIPLINARIEDADE**, destacar que a nosa área garda relación coas áreas de :

- Linguas (ampliación de vocabulario con palabras e expresións en latín, hebreo,grego,castelán,galego..., uso da linguaxe verbal e non verbal...).
- Ciencias Naturais e Sociais (Climas,vexetación, orografía,mapas,culturas, etc, principalmente da zona de Israel...).
- Historia da Arte e arqueoloxía: (Diferentes estilos e obras pictóricas , edificacións relixiosas das diferentes relixións do mundo, principais xacementos arqueolóxicos e achádegos nos territorios pólos que anduvo Xesús, e a súa importancia para a cultura occidental...).
- Filosofía: (Percorrido por distintos filósofos atéos e cristianos,concepto de liberdade, moral,...etc)
- Música: (Composicións musicais do ámbito relixioso: canto gregoriano, villancicos, himnos...así coma música moderna...
- Matemáticas e Xeometría:(Diferentes formas xeométricas que compoñen as edificacións cristianas: cúpulas, arcos...etc, así comao as distintas medicións e proporcións utilizadas polos maestros canteiros para levantar unha catedral, etc.).
- Debuxo:(utizado nas clases coma un medio de expresión do alumnado tanto a nivel persoal, como de grupo ,facendo muráis, adornos para a clase, fichas...etc).

-Educación Física:(no movemento espacial pola aula, nos diferentes tipos de agrupamentos, nas actividades de presentación o inicio de curso, xogos nalgunha actividade...)...

Durante as clases de Relixión os **TEMAS TRANSVERSÁIS** , detallados por cursos e unidades didácticas, están sempre presentes, se ben hai sesións específicas coincidindo con datas conmemorativas coma por exemplo :o Día da Paz.

Hai que destacar o especial interese que se pon desde este departamento na educación para a Igualdade.

Ó longo do curso tentaremos levar a cabo un traballo interdisciplinar que lle faga ver ó alumno/a que as diferentes materias non son compartimentos separados, así como tamén tentaremos educalos/as incidindo nos temas transversáis que van de seguido, e que se tratarán con máis ou menos fondura según o curso e a materia que se de en cada momento :

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz e a convivencia.
- Educación para a diversidade.
- Educación do consumidor.
- Educación para a saúde.
- Educación medioambiental.
- Educación sexual.
- Educación vial.
- Educación para a igualdade.
- Educación para a xustiza.
- Educación para a tolerancia.
- Educación musical.
- Educación artística...

8.3- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN E COLABORACIÓN Ó PROXECTO LECTOR DO CENTRO DESDE O DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA:

Na nosa materia, a lectura, escritura e comprensión é unha práctica habitual, refozada a través das seguintes actividades:

1-Uso de textos:

-Libro de texto da asignatura.

-A Biblia.

-Narracións de autores coñecidos da Literatura Universal.

-Narracións feitas polos propios alumnos e alumnas.

-Prensa diaria.

-Relatos biográficos: Gandhi, Teresa de Calcuta, Nelson Mandela...etc.

2-Solucións de crucigramas, sopas de leras, acrósticos...

3-Xogo do Trivial ou do Pasapalabra sobre conceptos relixiosos.

4-Traballo con cancións: música, letra, significados...

5-Teatro: facendo dos textos un motivo de participación e integración de todo o alumnado na aula.

6-Confección de guións para facer: cortos, montaxes de diapositivas, presentacións en Power Point...

7-Traballo posterior á visualización dunha película.

8-Traballo sobre : anuncios gráficos, publicidade escrita ou recollida dos medios de comunicación (radio, televisión, Internet,...).

A finalidade de todas estas actividades é:

-Mellorar a rapidez lectora.

-Mellorar a entonación.

-Mellorar a comprensión dos textos.

- Reducir as faltas de ortografía.
- Estimular e favorecer a curiosidade e a imaxinación.
- Favorecer as relacións persoais.
- Fomentar a capacidade crítica...

intentando motivar, para que a lectura non sexa só algo puntual e exclusivo da clase , senon que se convirta nalgo habitual, de xeito, que non só lean máis, senon que disfruten coa lectura para que esta se convirta nun hábito cotián.

8.4- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN E COLABORACIÓN Ó PLAN TIC DO CENTRO DESDE O DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA:

- A materia de Relixión católica contribúe á adquisición da *competencia do tratamento da información e competencia dixital* xa que promove que os alumnos saiban buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Saber acceder á información utilizando técnicas e estratexias diversas e dominar o uso das ferramentas das TICs como apoio de traballo constitúen tamén competencias importantes fomentadas por esta materia.

Desde a nosa materia contribuímos ó desenvolvemento do Plan TIC, co uso cotiá das novas tecnoloxías para acadar datos, intercambialos, para facer montaxes de Power Points, etc., mediante:

- a consulta de páxinas web relacionadas co noso currículo.
- o traballo coa pizarra dixital.
- a elaboración de Power Points.
- a elaboración e transmisión de documentos.
- a participación na aportación de datos para a elaboración do blog e da revista “Xuncos” do noso Centro.

8.5-DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan nunha permanente transformación, é a nosa obriga darlle o noso alumnado os mecanismos necesarios que lles permitan ter a suficiente capacidade crítica para poder elixir entre todas as ofertas que reciben do seu entorno, integrándose na sociedade na que viven, pero de xeito que poidan colaborar persoalmente nunha transformación positiva da mesma.

O carácter integrador da materia de relixión católica, fai que a súa aprendizaxe contribua a adquisición de varias competencias básicas , que tratamos de desenvolver ó longo deste curso:

-Competencia en Comunicación Lingüística: uso da linguaxe coma medio de comunicación oral e escrita, coma xeito de regulación e expresión de conductas e emocións.

Mediante as nosas propostas de traballo e actividades pretendemos fomentar a capacidade de escoita, a conversación consciente e a comunicación respetuosa entre o noso alumnado, así como facilitarlles a verbalización de conceptos, a explicación de ideas, a redacción dun escrito e a exposición ordeada e clara dun argumento.

-Competencia no Coñecemento e na Interacción co mundo físico:

Xa que pretendemos que o noso alumnado fose capaz de interpretar o que sucedía ó seu redor, predecindo as súas consecuencias, así como a percibir positivamente o espazo físico no que desenvolve a súa vida e a importancia do uso responsable dos recursos naturais.

-Competencia do Tratamento da Información e competencia Dixital:

Promovemos que o alumnado soupese buscar, obter, procesar e comunicar a información atopada, transformandoa en coñecemento, servíndose para elo de diversas técnicas, estratexias e o uso das ferramentas das Tics como apoio e instrumento de traballo.

-Competencia social e cidadá: Tentamos que o alumnado coñecese mellor o seu pasado histórico, a súa realidade social actual, e os problemas derivados de cada unha das épocas, para que sexan capaces de comprender mellor o mundo en que viven , e poidan así saber vivir mellor en sociedade, exercendo a súa cidadanía de xeito democrático. Para lograr isto tentamos que sexan capaces de poñerse no lugar da outra persoa para saber aceptar as diferenzas, sendo tolerantes e respetuosos cós valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos demais, sabendo convivir comprometéndose cós valores universalmente aceptados coma tales.

-Competencia Cultural e Artística: O longo do curso tratamos de promover o aprecio, a comprensión e a valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas, tentando que o mundo da cultura e da arte non lles quede como algo lonxe e descoñecido, senon que aprendan a disfrutalo e a velo como un enriquecemento persoal.

-Competencia para Aprender a Aprender: Tentamos darlles pautas e técnicas para que o noso alumnado fose capaz de iniciar e continuar unha aprendizaxe de xeito autónomo, sabendo desenvolverse ante as incertidumes, admitindo a diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema. Tratamos de que se decataran do que saben, que moitas veces é máis do que pensan, así coma de todo o que lles queda por aprender.

-Competencia da Autonomía e Iniciativa persoal: Durante este curso promovemos que o noso alumnado soubera elixir con criterio propio, facéndose responsables das propias opcións, e adquirindo a capacidade necesaria para se enfrontar con serenidade os problemas que lles foron xurdindo. Ademais desde a nosa materia de Relixión Católica tentamos que os nosos alumnos e alumnas acadaran valores coma: a dignidade, liberdade, a mellora da súa autoestima, a seguridade en si mesmos, e que fosen capaces de transformar as súas ideas positivas en actos.

Tamen fomentamos o clima necesario para que cada un e cada unha cultivase cualidades como: autonomía, perseverancia, responsabilidade, autocrítica, iniciativa, creatividade, ademais de habilidades sociais como o respecto polas ideas dos demais, a capacidade de diálogo e o traballo cooperativo.

Por último, os contidos da nosa materia de Relixión trata de recalcar a importancia de que os alumnos e alumnas teñan plena confianza en si mesmos, espírito de superación, que sexan capaces de asumir riscos, de ter un espírito emprendedor e unha san ambición persoal e profesional.

Que non se limiten a esperar que llo den todo feito.

8.6- AVALIACIÓN

A)-OBXECTOS DE AVALIACIÓN:

-Nos como profesorado, os alumnos/as, e o proceso de ensino-aprendizaxe.

-Facemos dous tipos de avaliación:

1^a)-A nosa avaliación coma profesorado:

-Desde o noso punto de vista: Como discurreu o curso, como foi a nosa actitude na aula, a nosa forma de explicar e avaliar...

-Desde o punto de vista dos alumnos: pasándolles unha enquisa na que teñen que avaliar a nosa labor coma docentes.

2^a)-A avaliación do alumnado:

Con respecto á avaliación do alumnado deste Departamento terase en conta o xa explicitado anteriormente para cada etapa e nivel:

- os obxectivos acadados en cada unidade traballada
- os contidos asimilados
- os procedementos utilizados
- as actitudes

de cada alumno e alumna.

Vendose concretado todo esto en:

1-O mantemento dunha libreta ordeada e ó día, así coma dun libro ben coidado.

2-Entrega de traballos feitos con rigurosidade e limpeza.

3-As notas acadadas nas distintas probas de avaliación.

4-A actitude persoal:

- na aula ,de interese, participación,colaboración e respecto coas ideas e as propostas dos demais, tanto no traballo individual como o feito en equipo.

-no Centro, de respecto cara a :

-sí mesmo/a

-ós demais

-ós materiáis, mobiliarios e dependencias.

Polo tanto, a nota final da avaliación virá determinada pola suma das calificacións acadadas nos catro apartados anteriores.

B)-MODOS DE AVALIACIÓN:

Levaranse a cabo varios modos de avaliación:

Normativa: con respecto a normas estandarizadas, comparando os resultados de cada alumno/a cos dun test,exame,etc, que certifica o nivel que cada un acadou.

Criterial:Comparando os resultados acadados por cada alumno/a cos conseguidos por eles mesmos noutras probas, co fin de valorar o seu progreso cara o obxectivo proposto.

E todo esto tendo en conta sempre as características individuais de cada membro do alumnado.

C)-MOMENTOS DE AVALIACIÓN:

Lévase a cabo unha **avaluación continua**, dividida en:

-Avaliación inicial: que permite ver os coñecementos, as capacidades,...previas de cada alumno/a.

Son datos importantes para determinar os obxectivos.

-Avaliación Formativa: levada a cabo durante o proceso de ensino.

Sirve para comparar a situación actual do alumno/a coa inicial e os obxectivos propostos.

-Sumativa ou final:A suma dos resultados acadados na formativa.

Sirve para ver o nivel do alumno/a e o eficaces que foron os elementos do proceso educativo

D)-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Serán de dous tipos: **1-Subxectivos:** feitos polo profesor/a

Ex: rexistros e notas de clase

2-Obxectivos: Exames, traballos, probas

A hora de avaliar temos, por tanto, en conta tres cousas, divididas en:

-Avaliación subxectiva:

-Datos do comportamento persoal e a actitude cara os demais compañeiros/as, profesorado, e demais persoal do Centro, que cada profesor vai recollendo no seu caderno de notas.

-Avaliación obxectiva:

-Os exercicios diarios na aula, tanto individuais (libreta...), coma colectivos(traballos en grupo, muráis,...).

-Os exames de avaliación.

E)-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Son os que aparecen detallados para cada nivel nas seguintes páxinas deste documento:

-Criterios de Avaliación para 1º ESO.....Ver páx 47

-Criterios de Avaliación para 2º ESO.....Ver páx 99

-Criterios de Avaliación para 3º ESO.....Ver páx 130

-Criterios de Avaliación para 4º ESO.....Ver páx 182

-Criterios de Avaliación para 1º BACH.....Ver páx 202

-Criterios de Avaliación para 2º BACH.....Ver páx 225

F) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Este departamento terá en conta para acadar

a nota total final da avaliación os seguintes puntos:

- Nun 50% os coñecementos adquiridos.
- Nun 30% o comportamento e actitude persoal cara a si mesmo/a e cara ós demais.
- Nun 20% a libreta ordeada, o libro coidado, e o respecto polo material de traballo, así como polo mobiliario e as dependencias do Centro.

G)-ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN:

A avaliación levarase a cabo mediante diversas actividades:

Traballos durante a clase ou para a casa, individuáis ou en grupo, exames, exercicios sobre unha película visionada, sobre a visita ó museo ou a unha exposición, etc...

H)-PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (Na ESO).

Para o desenvolvemento da avaliación inicial na nosa materia, dentro da primeira quincena do curso, faremos unha proba, que pode consistir en:

- 1-Unha breve proba escrita consistente nun test ó redor de 30 preguntas cortas.
- 2-Unha batería de preguntas orais.
- 3-Ou un exercicio consistente en solucionar un crucigrama temático.

Probas que abranguen todas elas coñecementos pertinentes os cursos precedentes.

I)-PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS (BAC art.3.7 Ord. 24/06/2008).

Para o desenvolvemento da avaliación inicial na nosa materia, dentro da primeira quincena do curso, faremos unha proba, que pode consistir en:

- 1-Unha breve proba escrita consistente nun test ó redor de 30 preguntas cortas.
- 2-Unha batería de preguntas orais.
- 3-Ou un exercicio consistente en solucionar un crucigrama temático.

Probas que abranguen todas as coñecementos pertinentes os cursos precedentes.

L)-ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:

Si se trata dun alumno/a integrado no ano que lle corresponde, levarase a cabo un reforzo da materia durante as clases, cunha atención personalizada.

Si se trata dun alumno/a que está nun curso pero ten a materia pendente doutro curso acordarase con el/ela o mellor xeito para recuperala, mediante exame ou un traballo, tras poñer no seu coñecemento os contidos do que será obxecto de proba .

M)-CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES:

- Si se trata dunha avaliación durante o curso superarase o aprobar a seguinte, dado o carácter de avaliación continua.
- Si se trata dun curso anterior pendente, falarase co alumno/a e despois de facilitarlle os contidos que deberá dominar, acordarase con él ou ela o momento no que fará a

recuperación, mediante un exame (que pode ser por avaliacións ou con un único exame o fin do curso), ou mediante a presentación dun traballo o fin de curso.

N)- PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA (Na ESO).

Na área de relixión católica non hai actualmente alumnado nestas circunstancias.

No caso de habelo noutro curso académico, faranse constar os procedementos necesarios e correspondentes.

Ñ)- PLANS DE TRABALLO PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES.

- Entrevista co alumno/a.
- Sumintraselle os contidos que debe dominar para o exame ou a temática que deberá desenvolver para presentar un traballo de recuperación a fin do curso según o nivel que deba superar .

O)-PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR (Na ESO).

Desde este departamento consideramos que o alumnado repetidor parte nas mesmas condicións que o resto dos seus compañeiros e compañeiras de aula, pólo cal os contidos son os mesmos para todos, sin facer ningunha distinción, xá que as actividades a realizar cada ano varían; salvo nos casos de repetidores con N.E.E. necesidades específicas de aprendizaxe, que serán

atendidos según o que se contemplan no apartado de Atención á Diversidade ,situado no apartado 8.8 ,páxina 253 desta programación.

P)-REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN.

- Estes reforzos faranse dentro da aula mediante a atención especializada e traballos individualizados según cada caso.
- Tamén poderán darse fora da aula con algún traballo concreto para facer na casa.

8.7-CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

- Son os que aparecen detallados en cada Unidade, salvo que se teña que facer unha adaptación,na que estos se verían claramente reducidos de xeito individualizado.

8.8-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Desde este departamento aplícanse as pertinentes medidas de **atención a diversidade** , especialmente co alumnado que necesita apoio ou reforzo educativo, e co alumnado extranxeiro que chega ó Centro, procedentes principalmente de : Brasil, Uruguai, Venezuela,Arxentina,etc.

8.9-MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Para o desenvolvemento da nosa labor docente, neste seminario contamos coa axuda para as nosas clases do seguinte material e recursos:

- material didáctico da Editorial SM-PPC, seleccionado e utilizado ó longo deste curso (libros de Texto “Relixión Católica.Proyecto Emaús” e material complementario),que

consideramos positivo e práctico para o noso alumnado.

- o material convencional das aulas
- os aportados polo Centro: vídeo, CD,ordenador...
- A Biblia.
- Varios Atlas das Relixións.
- Mapas.
- Textos do Concilio Vaticano II.
- Encíclicas.
- Bibliografía complementaria...
- materiais persoáis dos integrantes do departamento.

8.10-FORMAS DE AGRUPAMENTO:

-As **formas de agrupamento** variarán en función do contexto diario na aula: Grupo-clase, pequenos grupos (2 ou 3 persoas),individual, promovendo os agrupamentos mixtos para favorecer a **coeducación**.

-A **organización espacial** variará según a actividade a realizar e o momento, sendo principalmente unha organización frontal,en circunferencia ou semicircunferencia.

8.11-METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

Facendo sempre fincapé no feito de que os nosos alumnos e alumnas son persoas individuáis, cunhas circunstancias vitáis diferentes en cada caso, e que na inmensa maioría dos casos determinan a súa actitude. Son persoas cunhas capacidades e unhas destrezas tamén diferentes, que afectan ó seu proceso de aprendizaxe.E ademáis moitos deles e delas chegan a nos cunha percepción errónea de si mesmos/as e unha escasez de autoestima, que determina o seu mundo das relacións persoáis.

Desde a nosa materia combinamos diferentes estratexias para intentar que as correccións que teñamos que facer sexan sempre positivas, así como o uso do reforzo positivo cando fan as cousas ben.

Tentamos tamén conseguir que os alumnos/as se sintan a gusto dentro da aula e teñan ganas e a seguridade suficiente para participar abertamente nela, para iso tentamos que as sesións sexan dinámicas e o máis motivantes posibles, utilizando para eso dinámicas coma por exemplo, os xogos de rol, ou a aplicación das novas tecnoloxías que tanto os/as atrae .

Tratarase tamén que o aprendizaxe non se limite o espacio da aula, senon que utilizaremos outras dependencias do interior do Centro (sala de video,sala de usos múltiples, pabellón), e mesmo espazos exteriores do recinto, (xardíns situados preto do noso Centro, e outros edificios coma museos,auditorios,teatro,etc), coa intención de que se den conta de que a aprendizaxe non é algo limitado ó interior dun aula, senón que no seu entorno cotiá están continuamente aprendendo.

8.12-TEMPORALIZACIÓN DE TEMAS POR NIVEL:

TEMAS	Primeiro Cuatrimestre	Segundo Cuatrimestre	Terceiro Cuatrimestre
1º ESO	Unidades 1,2,3,4	Unidades 5,6,7	Unidades 8,9,10
2º ESO	Unidades 1,2,3,4	Unidades 5,6,7	Unidades 8,9,10
3º ESO	Unidades 1,2,3,4	Unidades 5,6,7	Unidades 8,9,10
4º ESO	Unidades 1,2,3,4	Unidades 5,6,7	Unidades 8,9,10
1º BACH	Unidades 1,2	Unidade 3	Unidade 4
2º BACH	Unidades 1,2,3	Unidades 4,5,6	Unidades 7,8

**8.13. MEMBROS INTEGRANTES DESTE
DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN E MORAL
CATÓLICA:**

Durante este curso 2011/2012 este Seminario de Relixión e Moral Católica do “ IES. A Xunqueira I ” de Pontevedra estará integrado pola profesora Elena María Ferro Dios que desenvolve o cargo de Xefa de Seminario, contando tamen coa colaboración do profesor Luís Seoane que forma parte do Seminario do “IES Luís Seoane” de Pontevedra e que completará unhas horas neste Centro de “A xunqueira I”.

A Xefa de Seminario

Elena María Ferro Dios

Pontevedra a 5 de Setembro do 2011